RELACIÓN DE ACORDOS APROBADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA NA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DO 26 DE MAIO DE 2017.

*Declaración institucional dos Grupos provinciais PP, PSdG-PSOE, BNG, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños en relación coa adhesión da Deputación Provincial da Coruña á "Declaración de Sevilla: o compromiso das cidades pola economía circular"

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, número 4/17, do 28 de abril.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da número 13001 á número 16000, de 2017.

Comisión de Cultura e Normalización Lingüística

3.-Aprobación da Ordenanza de uso da lingua galega na Deputación da Coruña.

4.-Concesión de subvención nominativa ao Concello da Coruña para financiar a "Programación cultural anual 2017" e aprobación do correspondente convenio.

5.-Concesión de subvención nominativa ao Concello de Rianxo para financiar as "Obras de adecuación para museo da casa de Rafael Dieste no marco das actuacións que se han desenvolver na Academia Literaria Centro Literario Castelao" e aprobación do convenio.

Comisión de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero

6.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Culleredo para financiar o mantemento xeral e a reserva de cinco prazas do Centro Ocupacional "A Escada" no ano 2017.

Comisión de Promoción Económica e Emprego

7.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) para financiar o proxecto "Programa de Intermediación Laboral".

8.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o concello de Moeche para financiar o proxecto "Programa de actividades arredor do Castelo e Feira de Moeche".

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

9.-Modificación das especificacións do Plan de pensións "Persoal da Deputación Provincial da Coruña. Plan de pensións".

10.-Informe do Presidente da Comisión sobre os contratos menores adxudicados no período 1 de xaneiro a 30 de abril de 2017.

Comisión de Infraestruturas Viarias, Vías e Obras Provinciais e Medio Ambiente

11.-Aprobación da modificación dos proxectos promovidos polo Concello de Mugardos, no marco da 1ª fase do Plan provincial de medio ambiente (PMA) 2016.

12.-Aprobación da modificación dos proxectos promovidos polo Concello de Oroso, no marco da 1ª fase do Plan provincial de medio ambiente (PMA) 2016.

13.-Aprobación da terceira fase do Plan de sendas peonís 2017.

14.-Aprobación do Plan de investimentos en vías provinciais 2017, terceira fase e inicio dos trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución das obras.

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime interior

15.-Aprobación da información sobre o período medio de pago a provedores a que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de abril de 2017 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación e polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña entre o 1 e o 30 de abril de 2017.

16.-Aprobación do informe sobre o estado de execución orzamentaria a 30/04/2017 e proxección a 31/12/2017.

17.-Dar conta da acta da comisión liquidadora dos estados contables procedentes da recadación do exercicio 2015.

18.-Aprobación da conta integrada da xestión recadatoria dos recursos doutros entes públicos e recursos propios do exercicio 2016.

19.-Aprobación da política de seguridade da información da Deputación Provincial da Coruña.

20.-Aprobar a desestimación do recurso de reposición interposto pola Confederación Intersindical Galega contra o Plan de emprego 2017-2019 aprobado polo acordo plenario do 31 de marzo de 2017.

21.-Aprobación da aceptación da delegación de competencias en materia tributaria do Concello de San Sadurniño.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS
-Moción dos Grupos provinciais PSdG-PSOE, BNG, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños en relación coa solicitude do Comité de Empresa de Ferroatlántica de Cee-Dumbría- Centrais hidroeléctricas

ROGOS E PREGUNTAS

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DOS GRUPOS PROVINCIAIS PP, PSDG-PSOE, BNG, MAREA ATLÁNTICA, COMPOSTELA ABERTA E ALTERNATIVA DOS VECIÑOS EN RELACIÓN COA ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA Á "DECLARACIÓN DE SEVILLA: O COMPROMISO DAS CIDADES POLA ECONOMÍA CIRCULAR"

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A **Comisión Europea e o Parlamento Europeo** aprobaron un paquete de iniciativas para construír unha **Economía Circular en Europa**. Con este obxectivo preténdese desenvolver un novo paradigma de modelo económico que peche o círculo do deseño, a produción, o consumo e a xestión de residuos, creando así **unha Europa ecolóxica, circular e competitiva**.

Aínda que os problemas ambientais como a loita contra o cambio climático, o seu efecto sobre a biodiversidade e a crecente escaseza de recursos esixen solucións globais que están principalmente baixo a responsabilidade dos gobernos nacionais, tamén deben ser unha importante preocupación para as cidades e pobos europeos. O **desenvolvemento urbano sustentable** desde un enfoque integrado e as súas interrelacións co mundo rural, son un elemento fundamental para o desenvolvemento da innovación e a implementación de solucións para unha transición correcta cara a unha economía baixa en carbono e unha preservación dos nosos recursos naturais. Segundo Nacións Unidas, o 70% da poboación do planeta vivirá en cidades en 2050.

Unha economía circular, que transforme os nosos residuos en recursos, ofrece unha solución á crise ambiental que sufriremos co modelo económico de desenvolvemento lineal. Non podemos construír o noso futuro sobre o modelo de "colle, fabrica e tira". A economía circular favorece que o valor dos produtos e materiais se manteña durante un maior tempo, que os residuos e o uso dos recursos se reduza ao mínimo e que os recursos se conserven dentro da economía cando un produto chegou ao final da súa vida útil, co fin de volvelos a utilizar repetidamente e seguir creando valor.

En setembro de 2015 a cidade de París fixo un chamamento ás "cidades europeas en favor dunha Economía Circular", que asinaron cidades como Ámsterdam, Bruxelas, Copenhague, Lisboa, Londres, Milán e Roma.

O pasado 15 de marzo, na cidade de Sevilla, realizouse unha **xornada sobre "Economía Circular: o Compromiso das Cidades"**, organizada pola Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), o Concello de Sevilla e Ecoembes –organización ambiental sen ánimo de lucro que promove a sustentabilidade a través da reciclaxe de envases en España–, que tiña como obxectivo reflexionar sobre a importancia de impulsar o desenvolvemento sustentable nos municipios da Unión Europea. Nesta xornada, representantes das cidades e entidades asistentes, comprometéronse coa súa sinatura a:

• Promover un modelo de desenvolvemento urbano sustentable, inclusivo e resiliente, aumentando a demanda de actividades socioeconómicas xeradoras de

bens e servizos ambientais, o que se traducirá en emprego verde e emprego social de maior calidade e valor engadido.
• Impulsar e apoiar o chamamento “Cidades por unha Economía Circular” que realizou a cidade de París en 2015.
• Resaltar o importante papel que teñen os gobernos locais nas accións de fomento e desenvolvemento dunha economía circular por ser a administración máis próxima e a que mellor pode previr os impactos ambientais, en colaboración cos seus veciños e veciñas.
• Incrementar os nosos esforzos por reducir os impactos ambientais, climáticos e sobre a saúde das persoas dos seus actuais modelos de desenvolvemento.
• Subliñar as consecuencias positivas que un cambio de modelo cara a unha economía circular suporía en termos de emisións de gases de efecto invernadoiro.
• Solicitar o apoio político e económico da Unión Europea e dos seus estados membros para o desenvolvemento de políticas locais en favor dunha economía circular, favorecendo o desenvolvemento de estratexias nacionais e rexionais e instrumentos de cooperación.
• Desenvolver estratexias locais en favor da economía circular que favorezan o vertido cero, a reciclaxe (especialmente dos biorresiduos), a redución dos desperdicios alimentarios, o fomento do ecodeseño, da prevención de residuos, da reutilización e a reciclaxe e o fomento da compra pública de produtos verdes.
• Fomentar a cooperación entre administracións e desenvolver e compartir boas prácticas entre cidades, no marco de desenvolvemento de Estratexias Locais por unha Economía Circular.
• Involucrar a Comunidade Científica na investigación e no desenvolvemento de programas de economía circular e no apoio e desenvolvemento das estratexias locais.
• Fomentar os esquemas de gobernanza multinivel do territorio e mellorar a concienciación, sensibilización e participación das nosas veciñas e veciños nas accións locais de impulso dunha economía circular, transformando as persoas consumidoras en usuarias responsables e substituíndo o sentido da propiedade do produto polo sentido do servizo prestado.
• Potenciar o participado público-privado para favorecer alianzas entre os distintos actores involucrados do sector público, organizacións da sociedade civil e o sector privado.

No marco da xornada tivo lugar a presentación da **Declaración de Sevilla**, un texto que recolle nos devanditos once puntos as liñas de actuación a que se comprometen as cidades para favorecer a economía circular.

O 24 de marzo de 2017 a Xunta de Goberno da FEMP acordou por unanimidade recomendar a difusión entre as entidades locais españolas da “Declaración de Sevilla: o compromiso das cidades pola Economía Circular”, o que supón o compromiso das entidades locais coa Declaración de París e coas esixencias derivadas do paquete de medidas de economía circular aprobado polo Parlamento Europeo, un cambio co modelo económico, e solicitar a súa adhesión.

Por todo isto, todos os grupos políticos da corporación provincial propoñen a adopción da seguinte DECLARACIÓN INSTITUCIONAL:

1º Subscribir a “Declaración de Sevilla: o compromiso das cidades pola Economía Circular”, e asumir os pronunciamentos e compromisos que esta supón.

2º Trasladar á certificación do presente acordo á Secretaría Xeral da FEMP.

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, NÚMERO 4/17, DO 28 DE ABRIL.

Apróbase a acta da sesión anterior, número 4/17, do 28 de abril.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA NÚMERO 13001 Á NÚMERO 16000, DE 2017.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da número 13001 á número 16000, de 2017.

3.-APROBACIÓN DA ORDENANZA DE USO DA LINGUA GALEGA NA DEPUTACIÓN DA CORUÑA.

1º.- Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora de uso da lingua galega na Deputación da Coruña.

2º.- Abrir un prazo de información pública de trinta días, dando audiencia aos interesados para a presentación de reclamacións e suxestións.

3º.- Entender que a aprobación inicial é definitiva, no caso de que, transcorrido o período de información pública, non se presentou ningunha reclamación ou suxestión, sen necesidade de adoptar novo acordo plenario.

ORDENANZA DE USO DA LINGUA GALEGA NA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Limiar
Capítulo I. O uso oficial do idioma galego
Capítulo II. Ámbito de aplicación
Capítulo III. Atención ao público
Capítulo IV. Documentación e actuación administrativa..
Capítulo V. Publicacións, accións informativas, formativas e actividades públicas
Capítulo VI. Compra de bens e materiais, encargo e contratación de servizos e relacións coas empresas privadas
Capítulo VII. Sinalización e rotulación
Capítulo VIII. Relacións con outras administracións
Capítulo IX. Persoal ao servizo da administración
Capítulo X. Toponimina
Capítulo XI. Impulso institucional do idioma galego
Capítulo XII. Calidade lingüística e linguaxe democrática e inclusiva
Capítulo XIII. A Unidade Técnica de Normalización Lingüística
Capítulo XIV. Cumprimento e seguimento da ordenanza
Disposición adicional

Limiar

A lingua é unha ferramenta comunicativa pola cal unha comunidade se pode relacionar entre si, pero ademais a lingua é a creación colectiva máis importante e a manifestación de identidade máis relevante dun pobo, pois na súa formación colaboran todas as persoas dese pobo ao longo de toda a súa historia. O galego, lingua propia de Galicia, é, polo tanto, o máximo expoñente cultural, o máis significativo valor como comunidade e a nosa ferramenta comunicativa máis próxima e eficaz.
No decorrer da historia, a lingua galega, a creada aquí, coñeceu un longo período de normalidade, pois foi durante séculos o idioma vehicular de uso común en todos os ámbitos, mais despois, polos acontecementos da historia, o castelán penetrou nos contextos formais, relegando o galego aos usos informais. Xa no século XVIII apareceron voces que reclamaban a restitución do uso do galego en todos os ámbitos. Estas voces multiplicáronse durante o século XIX e deron un dos seus froitos máis vizosos no Estatuto de autonomía de 1936, onde se recoñecía

legalmente a oficialidade do galego. A Guerra Civil e a posterior ditadura malogrou a aplicación desta lexislación. Coa instauración da democracia no Estado español, comezáronse a dar as condicións para a necesaria normalización da lingua galega. A Constitución española de 1978 proclama a "vontade de protexer a todos os españois e pobos de España no exercicio dos dereitos humanos, as súas culturas, tradicións, linguas e institucións" no artigo 3.2 establece que as linguas españolas distintas do castelán serán oficiais nas súas respectivas comunidades de acordo con cada estatuto. A promulgación do Estatuto proclama a lingua galega como oficial en Galicia en 1981 institúe o galego como a lingua propia de Galicia. O artigo 5 do Estatuto proclama a lingua galega como oficial de Galicia e desenvolve este precepto ao encomendarlles aos poderes públicos que garantan o uso normal e oficial da lingua galega e potencien o seu emprego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, engadindo que "disporán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento" (art.5.3). Así, a proclamación da oficialidade da lingua galega encoméndalles unha serie de obrigas aos poderes públicos. Estes deben utilizala como lingua de uso normal de comunicación entre eles e nas súas relacións coa cidadanía. Ao mesmo tempo, as cidadás e os cidadáns adquiren unha serie de dereitos lingüísticos que deben ser respectados pola administración. A Lei 3/1983 de normalización lingüística desenvolve máis os preceptos estatutarios. A Xunta de Galicia ditará as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego. As corporacións locais deberán facelo de acordo coas normas recollidas nesta lei (art. 6.4). Con posterioridade a esta, fóronse aprobando ordes e decretos que veñen completar o marco legal actual para procurar a recuperación do uso do idioma galego na Administración local, de xustiza etc. Neste sentido salienta a Lei 5/1988 de uso do galego como lingua oficial polas entidades locais, que no artigo 1 senta que "as convocatorias de sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, ditames das comisións informativas e actas das entidades locais de Galicia, redactaranse en lingua galega".

O Plan xeral de normalización da lingua galega (PXNLG), aprobado por unanimidade no Parlamento galego en 2004, contempla como obxectivos específicos para a administración local o de "consolidar o papel normalizador das corporacións locais e das deputacións" e o de "incluír a promoción do galego no concepto de servizo que se lle ofrece á cidadanía".

Así, as corporacións locais poden e deben desenvolver accións encamiñadas a implicar o conxunto da sociedade no proceso de normalización lingüística. Por seren as administracións máis próximas á cidadanía, son moi apropiadas para desenvolveren accións encamiñadas á implicación cidadá, á dinamización, á recuperación social e ao incremento do uso e prestixio do idioma propio e oficial de Galicia nos distintos ámbitos e sectores sociais.

Por todas esta razóns, o Pleno da Deputación da Coruña aproba a seguinte Ordenanza do uso da lingua galega, a cal establece accións que a Deputación debe emprender, así como os criterios lingüísticos para seguir nas diferentes accións, ámbitos de actuación e situacións comunicativas.

Capítulo I. O uso oficial do idioma galego

Artigo 1

1. O galego como lingua propia e oficial de Galicia, é idioma oficial da Deputación Provincial da Coruña.
2. A Deputación da Coruña empregará o galego en todas as súas accións, nas súas actuacións administrativas, na documentación, na comunicación social e nas relación coas cidadás, cos cidadáns e con todas as entidades situadas en Galicia e con aqueloutras que admitan o galego para as actuacións administrativas.
3. A cidadanía, nas súas relacións coa Deputación provincial e cos seus organismos, entidades e empresas dependentes aos que se refire o artigo seguinte empregarán a lingua que elixan conforme ao disposto no ordenamento xurídico.

Cando no seo dun procedemento administrativo cunha pluralidade de interesados/as se dea contradición entre estes respecto da lingua a empregar, o uso da lingua a empregar axustarase ao previsto na lexislación autonómica de Galicia.

Capítulo II. Ámbito de aplicación

Artigo 2

1. A Deputación da Coruña e os organismos que dela dependen ou poidan depender no futuro –entes asociados, padroados, organismos autónomos, sociedades, fundacións, centros de formación, museos, arquivos, bibliotecas etc. – rexerase polos criterios establecidos nesta ordenanza.
2. Tamén se rexerán polos criterios desta ordenanza as empresas adxudicatarias, concesionarias ou contratas cando actúan en función desa adxudicación, concesión ou contrato, así como as de explotación mixta, o cal se fará constar explicitamente nos documentos que correspondan (concursos públicos, pregos de cláusulas, contratos etc.)
3. A Deputación Provincial da Coruña velará para que nas actividades, organismos, etc. en que participe e /ou teña representación, sexan aplicados os principios desta ordenanza.
4. Todos os servizos, departamentos, oficinas e organismos dependentes da Deputación terán en conta a necesidade da normalización da lingua galega en todos os ámbitos sociais, polo que asumirán o desenvolvemento desta ordenanza en todas e cada unha das accións do seu funcionamento cotián.

Capítulo III. Atención ao público

Artigo 3

1. Todos os servizos de todas as unidades administrativas que teñan relación co público fomentarán o uso do idioma galego mediante a súa utilización como lingua normal de comunicación de entrada, tanto oral como escrita, practicando a oferta positiva en lingua galega.
2. A atención ao público mediante mecanismos automáticos, tales como contestadores de teléfonos ou outros medios telefónicos ou informáticos, usarán por defecto e de entrada o galego, e así se especificará cando sexan comprados, contratados e/ou programados.
3. O disposto no presente artigo tamén é de aplicación para as empresas ou entidades que presten servizos á Deputación por concesión, arrendamento, concerto ou contrato.

Capítulo IV. Documentación e actuación administrativa

Artigo 4

1. Como criterio xeral, todas as actuacións da Deputación faranse en idioma galego. Isto sen prexuízo de que, cando legalmente sexa requisito, ademais de en galego tamén se fagan noutra(s) lingua(s).

2. Será redactada en lingua galega, cando menos, a seguinte documentación administrativa:

a. As convocatorias de sesións de todos os órganos da Deputación Provincial da Coruña, así como as ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, ditames das comisións informativas, rogos, preguntas e as actas dos citados órganos provinciais.

b. As resolucións de todos os órganos provinciais.

c. Toda a documentación xerada pola Deputación que forme parte dos expedientes administrativos que teñan que someterse á decisión ou coñecemento dos devanditos órganos.

d. As actas e acordos de todos os órganos dos consellos e entidades con personalidade xurídica dependentes desta Deputación.

e. As notificacións, recursos, escrituras públicas e, en xeral, todos os actos de carácter público ou administrativos que se realicen por escrito en nome da Deputación Provincial da Coruña ou dos organismos que dela dependen e que teñan efecto no territorio da comunidade autónoma.

3. Todos os modelos de documentación da Deputación Provincial da Coruña serán elaborados e difundidos de entrada e prioritariamente en galego e, verbo disto, nos plans e procesos de informatización e racionalización administrativa deberase ter presente o establecido neste artigo, sen que isto signifique que en casos específicos non se poida incorporar tamén a outra lingua oficial para cando unha persoa o poida requirir expresamente.

4. Nos procedementos iniciados a solicitude dos interesados/as, os cidadáns/ás teñen dereito a elixir a lingua na que se dirixen á Deputación provincial e a solicitar desta que as comunicacións, notificacións e demais documentos que se lles dirixan se redacten en castelán.

Artigo 5

1.Sen prexuízo do que para os rexistros públicos establece o artigo 9 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística de Galicia, nos rexistros administrativos das oficinas da Deputación Provincial da Coruña e dos seus organismos dependentes os asentos faranse en galego, independentemente da lingua na que estean escritos.

Capítulo V. Publicacións, accións informativas, formativas e actividades públicas

Artigo 6

1.Os anuncios oficiais da Corporación que se publiquen no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Diario Oficial de Galicia serán redactados e publicados en galego. Sucederá o mesmo cos anuncios propios de calquera procedemento administrativo que sexan publicados en calquera outro medio. Cando legalmente sexa requisito, redactaranse tamén noutra(s) lingua (s) achegando unha tradución do orixinal en lingua galega.

2.As publicacións editadas na Imprenta da Deputación da Coruña, en papel ou dixitais, con carácter xeral, realizaranse en lingua galega, sen prexuízo de que

poidan conter traducións noutras linguas cando o público obxectivo da edición poida situarse en comunidades fóra da área lingüística galega.
3.Ás publicacións editadas por outras entidades públicas ou privadas nas que colabore a Deputación Provincial da Coruña e teñan difusión en Galicia, aplicaráselles os mesmos criterios definidos no punto 2. Deberase facer referencia explícita a este requisito nos acordos de colaboración, convocatorias de subvencións e contratos que se leven a cabo.

Artigo 7
1.As campañas publicitarias da Deputación da Coruña e de promoción de todas as actividades organizadas faranse, sexa no soporte que sexa, en galego, cando estas produzan efecto no territorio da comunidade autónoma.
2.Na contratación de publicidade, a Deputación terá en conta os medios de comunicación en distintos soportes que usan o galego.
3.As campañas publicitarias e de promoción de actividades (cursos, xornadas, conferencias, festas, espectáculos, actividades deportivas, festivais, campionatos etc.) doutras entidades nas que dalgún xeito colabore a Deputación provincial faranse en galego en calquera soporte.
4.Para lle dar cumprimento a isto, cando os haxa, nos acordos de colaboración, convocatorias de subvencións, contratos etc. farase referencia a este requisito.
5.A publicidade que se difunda en instalacións e mecanismos cuxo titular sexa a Deputación Provincial da Coruña deberá ser redactada en galego.
6. Todo o anterior sen prexuízo de que, puntualmente, tamén se poidan facer noutras linguas cando o público obxectivo da acción publicitaria pertenza a outras comunidades fóra da área lingüística galega.

Artigo 8
1. As accións formativas organizadas pola Deputación Provincial da Coruña desenvolveranse principalmente en lingua galega.
2.A formación puntual e actividade xeral ofertada regularmente pola Deputación nos seus centros ou organismos dependentes desenvolveraas utilizando normalmente o galego como lingua de comunicación. O establecido neste punto terase en conta e farase referencia ao seu contido en casos como:

a. Na contratación de persoal para os distintos centros.
b. Na organización de actividades nos distintos centros.
c. Na contratación de empresas.
d. Nos regulamentos ou estatutos dos distintos centros e organismos, se os houber.

3.Para que a Deputación Provincial da Coruña colabore en accións informativas ou formativas organizadas por outras entidades será requisito que estas se desenvolvan, en xeral, en lingua galega. Este requisito transmitiráselle á entidade ou entidades organizadoras e explicitarase nos acordos de colaboración, convocatorias de subvencións, contratos etc.

Artigo 9
1. As persoas do goberno provincial da Deputación da Coruña expresaranse en galego nos actos que teñan lugar no ámbito lingüístico galego, e nos que interveña, en virtude do seu cargo.
2.Todas aquelas actividades comunicativas, culturais, deportivas, divulgativas etc. (eventos, conferencias, intervencións públicas, xornadas, congresos, charlas,

campionatos, competicións, probas, espectáculos, festivais, etc.) organizadas pola Deputación da Coruña desenvolverase, en xeral, en lingua galega.
3.Para que a Deputación Provincial da Coruña colabore en actividades comunicativas, culturais, deportivas, divulgativas, etc. (xornadas, congresos, charlas, campionatos, competicións, probas, espectáculos, festivais etc.) organizadas por outras entidades valorarase especialmente que estas se desenvolvan en lingua galega. Isto seralle transmitido á entidade ou entidades organizadoras coas que se colabora e explicitarase nos acordos de colaboración, contratos ou convocatorias.

Artigo 10
1. A Unidade Técnica de Normalización Lingüística (UTNL) revisará os textos que vaian ser difundidos pola Deputación da Coruña en calquera soporte: diarios oficiais, xornais, revistas, carteis, folletos e outros que se consideren relevantes.

Capítulo VI. Compra de bens e materiais, encargo e contratación de servizos e relacións coas empresas privadas

Artigo 11
1.Para a contratación da prestación de servizos da Deputación provincial en calquera das categorías establecidas legalmente, especificarase de xeito explícito que estes deben ser prestados en galego, agás nos casos en que, pola natureza do servizo deban prestarse, tamén, noutra lingua, e para a súa prestación poderanse establecer criterios sobre os aspectos contidos no punto 1 deste artigo que se especificarán e concrearán –cando sexa preciso- nos correspondentes contratos, acordos, pregos, encargos ou comunicacións.
2.Os contratistas disporán, cando así o soliciten, dos pregos de condicións e de prescricións técnicas en castelán.
3.O establecido neste artigo en ningún caso poderá ser causa de exclusión dos licitadores nos procesos de contratación.

Artigo 12
1.Os documentos públicos ou contractuais subscritos pola Deputación con empresas privadas, particulares ou persoas xurídicas serán redactados en galego. Se a súa finalidade o esixe, poderá facerse tamén copia traducida a outra (s) lingua (s), na (s) que constará que é tradución do seu orixinal en galego.
2.Os estudos, proxectos, informes, documentos e traballos análogos resultantes dunha relación contractual entre a Deputación Provincial da Coruña e unha persoa física ou xurídica privada serán redactados e entregados en galego. Este requirimento farase explícito nas convocatorias, pregos de condicións ou solicitudes de tales traballos.
3.A Deputación proporá e animará e, cando fose preciso, facilitará axuda ás empresas contratantes e provedoras para que usen o galego na súa documentación e comunicación e farase explícito nos correspondentes pregos de condicións que deberán facer uso do galego nos bens e nos servizos que sexan obxecto de contrato coa entidade.

Capítulo VII. Sinalización e rotulación

Artigo 13
1.Os rótulos, indicadores e sinalizacións das dependencias e inmobles cuxa titularidade corresponde á Deputación Provincial da Coruña estarán en galego.
2.A sinalización horizontal e vertical da totalidade da Rede viaria provincial da Coruña estará redactada en galego e respectando a toponimia oficial de acordo coa lei.

3.Todos os vehículos do parque móbil provincial, os uniformes e outro tipo de vestimenta ou material do persoal de organismos autónomos ou outro tipo de entidades públicas e privadas dependentes da Deputación provincial da Coruña, serán rotulados en lingua galega.
4.O rotulado do parque móbil, o vestiario, o material e a sinalización en lingua galega por parte das empresas adxudicatarias ou concesionarias da Deputación da Coruña será esixido ou tido en conta nos pregos de condicións ou bases dos diferentes procedementos de contratación ou concesión.
5.A rotulación, información e sinalización ofrecida en dependencias da Deputación terá sempre como lingua principal o galego, sen prexuízo do emprego para esta finalidade doutra ou outras linguas cando o público potencial deses centros ou eventos proveña doutras áreas lingüísticas.
6.En calquera caso, os textos dos casos establecidos nos puntos anteriores deste artigo 13 deberán ser revisados pola UTNL da Deputación que dará o seu visto e prace previo á súa impresión ou materialización nos correspondentes soportes.
7.Todo o previsto nos puntos anteriores deste artigo terá aplicación tamén nas sedes, dependencias e locais abertos ao público dos organismos dependentes da Deputación.
8.Cando a normativa ou interese xeral o requira, os aspectos regulados nos anteriores puntos deste artigo 13 poderán incorporar a correspondente tradución noutra (s) lingua (s).

Capítulo VIII. Relacións con outras administracións
Artigo 14
1.As comunicacións da Deputación Provincial da Coruña que se dirixan a calquera das administracións públicas de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia serán bilingües (galego-castelán).
2.As comunicacións da Deputación Provincial da Coruña dirixidas á Administración xeral e periférica, de xustiza ou militar do Estado español dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia redactaranse en lingua galega.
Artigo 15
1.A documentación da Deputación Provincial da Coruña dirixida ás administracións públicas fóra do ámbito lingüístico galego redactarase en lingua galega e farase unha copia en castelán e/ou outra (s) lingua (s) que procedan, tendo en conta o ámbito lingüístico de recepción da documentación.
2.As copias de documentos da Deputación provincial da Coruña redactados en galego que sexan solicitados por administracións públicas fóra do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia serán tramitados en lingua galega. Achegarase con eles unha tradución á lingua ou linguas ás que legalmente proceda, tendo en conta o ámbito lingüístico de recepción dos documentos.
Artigo 16
1.Con respecto aos documentos dirixidos directamente a persoas xurídicas distintas das administracións públicas, a Deputación Provincial da Coruña aterase ao previsto nas disposicións legais vixentes procurando redactalos en galego, sempre que sexa posible.

Capítulo IX. Persoal ao servizo da administración
Artigo 17
1.De acordo coa legalidade vixente aplicable ao caso, o persoal ao servizo da Deputación Provincial da Coruña coñecerá e estará en condicións de empregar

correctamente a lingua galega no desenvolvemento do seu traballo, tanto oralmente como escrito.
2.Para acadar este obxectivo establécense as seguintes regras xerais:
a.Nos procedementos de selección de persoal incluirase unha proba de lingua galega que demostre a capacitación para o desenvolvemento do traballo neste idioma. A proba adecuarase sempre ao nivel e contido das prazas convocadas e de acordo ás funcións do posto, podendo ser oral e/ou escrita.
b.Nos procesos selectivos incluiranse explicitamente nos cuestionarios e probas a avaliación do coñecemento da lexislación aplicable ao uso da lingua galega na Deputación da Coruña.
c.Nos procedementos de provisión de postos de traballo, a acreditación do coñecemento da lingua galega terá, ademais, consideración de mérito puntuable co baremo que lle corresponda ás acreditacións Celga, incidindo tamén nos títulos oficiais de linguaxes específicas (administrativa, xurídica…) adecuadas ao posto.
d.Terase en conta ao persoal da UTNL para formar parte dos tribunais, ben como membros, ben como asesores para avaliar o coñecemento do idioma galego na selección de persoal e na provisión de postos de traballo e para colaborar na creación das correspondentes bases e probas.
e.As probas selectivas para a provisión de prazas e a contratación de persoal ao servizo da Deputación Provincial da Coruña e das entidades dela dependentes faranse en lingua galega e distribuiranse así por defecto a todas as persoas candidatas. Terase a disposición de quen o solicite con antelación copia das probas na outra lingua oficial. As probas poderán ser realizadas en calquera lingua oficial independentemente da lingua empregada no cuestionario.
f.O persoal que actualmente traballa ao servizo da Deputación que non estea capacitado para o correcto desenvolvemento do seu traballo en lingua galega deberá adquirir tal capacidade.
g.Para tal efecto a UTNL en colaboración con Formación e con outras administracións e entidades desenvolverá programas formativos para todo o persoal que non teña os coñecementos necesarios para exercer as súas funcións en galego poida adquirilos o antes posible.

Capítulo X. Toponimia
Artigo 18
1.En cumprimento da legalidade vixente ao respecto (artigo 10 da Lei 3/1983) de normalización a toponimia oficial é a galega. En consecuencia:
a.A Deputación Provincial da Coruña promoverá, no ámbito das súas competencias; a recuperación, historia, orixe, coñecemento e uso da toponimia propia do territorio provincial e preservará as formas tradicionais dos nomes dos lugares.
b. A Deputación, a través da súa UTNL velará polo uso correcto da toponimia en toda a documentación que xere e publique, tamén na publicidade que contrate e na súa presenza na Rede (internet).
c.A Deputación demandaralle a todas as entidades beneficiarias de calquera tipo de subvención, axuda, colaboración ou contrato o correcto uso da toponimia.

Capítulo XI. Impulso institucional do idioma galego
Artigo 19
1.De acordo co establecido no artigo 25 da Lei 3/1983 de normalización lingüística, a Deputación provincial da Coruña fomentará o uso do galego nas actividades

mercantís publicitarias, asociativas, culturais, deportivas e calquera outro dentro do ámbito provincial.
2. A Deputación Provincial da Coruña poñerá paulatinamente en marcha programas dirixidos á poboación e ás entidades asociativas ou empresariais da provincia para conseguir a implicación progresiva de todos os colectivos no proceso de recuperación social da lingua galega, e fomentará –co deseño e posta en marcha dos programas oportunos- o uso e prestixio do galego na transmisión interxeracional, na mocidade, nas novas tecnoloxías, no deporte, na creación e difusión cultural, no ámbito empresarial e comercial, na comunicación, na xustiza, no lecer, na educación, na sanidade e en calquera outro ámbito social de interrelación humana.
3.Todos os órganos da Deputación Provincial da Coruña impulsarán a normalización lingüística no seu ámbito de actuación. A Unidade Técnica de Normalización Lingüística asesorará a Corporación provincial nesta materia.
4. Valorarase como criterio positivo na concesión de subvencións e axudas as iniciativas e actividades que contribúan á normalización e ao incremento do uso e prestixio da lingua galega. Do mesmo xeito, a comunicación e a produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dea lugar toda a actividade subvencionada pola Deputación Provincial da Coruña deberá estar en lingua galega. Este requisito figurará de forma expresa na convocatoria e bases correspondente.
5. A Deputación Provincial da Coruña de acordo coa Lei 3/1983 poderá outorgar subvencións para actuacións que procuren a normalización lingüística e o fomento da normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras por actos singulares.

Capítulo XII. Calidade lingüística e linguaxe democrática inclusiva

Artigo 20

1.En todos os textos, documentos e comunicacións da Deputación Provincial da Coruña coidarase especialmente a calidade e corrección lingüística, tendo en conta que os textos emitidos desde as administracións públicas adoitan ser interpretados como modelo de lingua.
2.En todos os textos administrativos serán aplicados os criterios da linguaxe administrativa galega moderna, procurando sempre a súa máxima calidade, democratización, personalización, claridade dos contidos (modernización das formas, concisión e precisión, sinxeleza e ordenación) e uniformidade. Do mesmo modo, usarase unha linguaxe democrática inclusiva.
3.A Deputación Provincial da Coruña velará para que nos textos e comunicacións das accións doutras entidades nas que colabore, participe ou apoie, se sigan estes mesmos criterios de calidade lingüística, democrática e inclusiva.

Capítulo XIII. A Unidade Técnica de Normalización Lingüística

Artigo 21

1.A Unidade Técnica de Normalización Lingüística impulsará a normalización da lingua, procurará o incremento do uso e prestixio do idioma galego no ámbito provincial e coordinará as accións necesarias para darlle cumprimento a esta ordenanza.
2.As tarefas que desenvolva esta UTNL deben configurarse en catro áreas: dinamización sociolingüística, formación sociolingüística, asesoramento lingüístico, deseño dun programa de colaboración e axudas para a creación de Servizos de Normalización Lingüística nos concellos da provincia e outras.

As funcións serán:

Xerais:

i. Asesorar a administración en todo o relacionado coa política lingüística.
ii. Facer seguimento do cumprimento da lexislación en materia lingüística por parte da institución.
iii. Informar sobre a conveniencia, oportunidade, método, etc., de incorporar accións con obxectivos normalizadores en programas ou accións da Deputación de índole diversa, e colaborar na súa especificación, deseño e materialización.
iv. Emitir informes sobre a oportunidade, conveniencias, etc., de accións da Deputación con respecto ao fomento do uso e prestixio da lingua galega.
v. Colaborar coa administración para determinar os perfís lingüísticos necesarios en cada un dos postos de traballo e colaborar nas probas e procesos selectivos para que se avalíen convenientemente os coñecementos lingüísticos por parte das persoas aspirantes.

Dinamización sociolingüística:

i. Fomentar o uso do galego no conxunto da sociedade.
ii. Planificar, xestionar, executar e avaliar accións a prol da lingua galega seguindo as directrices de política lingüística do organismo.
iii. Propoñer programas dinamizadores e accións concretas que conciencien á sociedade respecto ao uso e prestixio da lingua galega, e a impliquen no proceso normalizador.
iv. Propiciar e xestionar liñas de información, colaboración, coordinación e axuda dirixidas á rede asociativa, empresarial, educativa, xuvenil, etc., para fomentar o uso e prestixio do galego.

Formación sociolingüística:

i. Colaborar con Formación para ofertar cursos de lingua galega, xerais e específicos, tanto para o persoal da administración como para diferentes sectores sociais.
ii. Difundir materiais que contribúan á tarefa normalizadora: dereitos lingüísticos, lexislación, recursos lingüísticos, etc.
iii. Colaborar no deseño de programas de formación non lingüística para garantir a presenza do galego e de contidos favorables á mellora de actitudes lingüísticas.

Asesoramento lingüístico:

i. Mellorar a calidade lingüística e comunicativa da administración.
ii. Normalizar a imaxe lingüística, fixar criterios lingüísticos para a organización e establecer modelos de documentos.
iii. Revisar e validar lingüisticamente aqueles textos que vaian ter maior difusión, impacto ou permanencia (carteis, folletos, rotulación, anuncios, impresos, publicacións, etc.), para garantir a calidade lingüística e o uso dunha linguaxe moderna, democrática e inclusiva.
iv. Resolver dúbidas lingüísticas.

Disposición adicional

A presente ordenanza entrará en vigor logo da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, de conformidade con canto se establece no artigo

70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril de bases do réxime local, e teña transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 desta lei.
O que se fai público para os efectos oportunos.

4.-CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA AO CONCELLO DA CORUÑA PARA FINANCIAR A "PROGRAMACIÓN CULTURAL ANUAL 2017" E APROBACIÓN DO CORRESPONDENTE CONVENIO.

1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa, por importe de **130.000 €**, ao Concello da Coruña para financiar a Programación cultural anual 2017, cun orzamento subvencionado de 162.500 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 2 de maio de 2017.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2018, autorice o correspondente Orzamento.

"**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña para financiar a *Programación cultural anual 2017"***

Na Coruña, a

REÚNENSE

Dona Goretti Sanmartín Rei, deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia núm. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área

Don Xulio Xosé Ferreiro Baamonde, alcalde-presidente do Concello da Coruña.

MANIFESTAN

1.- Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

2.- Que o Concello da Coruña, a través da concellería de Cultura, Deporte e Coñecemento, desenvolve unha programación cultural estruturada en seis grandes áreas de actuación:

Festival Mar de Mares.
Coruña gráfica.
Residencias Artísticas.
Coruña Rebelde
Patrimonio etnográfico.
Xestión cultural.

3.- Que as deputacións teñen entre os seus fins propios e específicos asegurar a prestación dos servizos de competencia municipal, e os concellos teñen como competencia propia a promoción da cultura e equipamentos culturais; ademais, é competencia das deputacións a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social.

4.- Que, neste contexto, a Deputación da Coruña está interesada en colaborar co Concello da Coruña na súa *Programación Cultural Anual do ano 2017*, mediante a concesión dunha subvención nominativa.

5.- Que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña (CF:P1503000J) para financiar a ***Programación cultural anual 2017***, cos seguintes proxectos:

A. Mar de Mares – MdM 2017

O Festival de Mar de Mares, que alcanza en 2017 a súa cuarta edición, é un encontro cultural, educativo e lúdico que ten como finalidade a celebración e preservación do mar. Nesta edición o Festival ten como liñas temáticas o papel da muller no mar, a economía circular e o futuro dos plásticos e o diálogo entre os axentes implicados na sustentabilidade do medio.

a.1. Exposición retrospectiva da obra da fotógrafa e escritora conservacionista Cristina Mittermeier.
Do 20 de setembro ao 26 de novembro

a.2. Realización dun story telling con Cristina Mittermeier

a.3. Encontros breves con dez mulleres vinculadas ao mar – científicas, educadoras, aventureiras e pescadoras – dirixidos á alumnado de educación secundaria.

B. Coruña Gráfica

Proxecto dirixido ao fomento e difusión da creación no ámbito do cómic, a ilustración e a animación dixital.

b.1. Exposición "Desde A Coruña con Humor".

b.2. Edición da guía Coruña Gráfica en formato dixital. Actualización de contidos, tradución á lingua inglesa e edición en versión dixital.

C. Residencias Artísticas

Programa de residencias artísticas, dirixido a creadores do ámbito das artes visuais e escénicas, para o desenvolvemento de proxectos que supoñan a realización dun proxecto creativo vinculado cunha intervención de carácter sociocomunitario.

D. Coruña Rebelde

Programación expositiva e de actividades complementarias – conferencias, mesas redondas – focalizadas na recuperación e difusión da memoria sobre os principais eventos históricos nos que a cidade da Coruña se posicionou na defensa das liberdades e os dereitos sociais e políticos.

d.1. Exposición Coruña rebelde.

d.2. Programación paralela de mesas redondas e conferencias.

E. Patrimonio Etnográfico

Programación expositiva e de actividades complementarias – conferencias, mesas redondas – focalizadas no proceso de conquista das comunidades castrexas e os profundos cambios a partir do S. I d.C. se produciron na estrutura social e administrativa dos pobos astur-galaicos coa romanización. Articúlase tomando como eixo central a domus do castro de Chao Samartín, un edificio de porte señorial implantado no interior do castro, que servía de residencia dun mandataraio militar e de escenario de funcións administrativas e de representación política.

e.1. Exposición Conquista e transformación das comunidades castrexas a partir do S. I d.C.

e.2. Programación paralela de mesas redondas e conferencias.

F. Xestión Cultural

Realización dunhas xornadas temáticas sobre novos modelos de xestión cultural centradas nas fórmulas de co-xestión e co-programación de centros públicos, as experiencias de xestión independente, a programación de residencias artísticas e apoio á creación e as novas fórmulas de descentralización e colaboración entre sector público e terceiro sector.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar o Concello da Coruña.

O Concello da Coruña desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Mar de Mares	**40.000,00**
Comisariado e coordinación	5.600,00

Honorarios artísticos	13.310,00
Produción da exposición	12.100,00
Viaxes e aloxamento	2.359,50
Comunicación	1.500,00
Outros gastos	5.130,50
Coruña Gráfica	**32.500,00**
Comisariado e coordinación	1.800,00
Produción	13.000,00
Mesas redondas e talleres	7.300,00
Contratación de servizos	2.800,00
Traducións	3.200,00
Comunicación	2.000,00
Outros gastos	2.400,00
Residencias Artísticas	**24.000,00**
Comisariado e coordinación	1.800,00
Honorarios artísticos	18.000,00
Servizos técnicos	800,00
Comunicación	2.000,00
Outros gastos	1.400,00
Coruña Rebelde	**24.000,00**
Comisariado e coordinación	1.800,00
Produción	10.600,00
Honorarios relatores	3.200,00
Servizos técnicos	1.200,00
Catálogo	4.200,00
Comunicación	1.800,00
Outros gastos	1.200,00
Patrimonio Etnográfico	**24.000,00**
Comisariado e coordinación	1.800,00
Produción	8.600,00
Honorarios relatores	3.200,00
Traslados	3.800,00
Catálogo	3.600,00
Comunicación	1.800,00
Outros gastos	1.200,00
Xestión Cultural	**18.000,00**
Honorarios dos participantes	5.200,00
Viaxes e aloxamento	7.800,00
Servizos técnicos	1.800,00
Comunicación	2.000,00
Outros gastos	1.200,00

TOTAL **162.500,00**

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento das actividades, tal como se definen na cláusula primeira, cunha achega máxima de **130.000 €,** o que representa unha porcentaxe do **80 %.**

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando o concello beneficiario que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable ao concello.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello da Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- Corresponderalle ao Concello da Coruña o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización das actividades programadas.

2.- No procedemento de contratación, o Concello da Coruña axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- O Concello da Coruña comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en todas as publicacións e na publicidade (tanto impresa como informática e audiovisual) correspondente á Programación cultural anual 2017 e na súa páxina web.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello da Coruña.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle aboada ao Concello da Coruña do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe máximo do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar. O importe deste prazo calcularase aplicando a porcentaxe de financiamento (80 %) ao total do importe das contratacións certificadas e aboarase logo da presentación da seguinte documentación:

* **Certificación** dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresas adxudicatarias, importes dos contratos e prazos de execución.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

*** Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

Segundo prazo, por importe de 50 % da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificados, logo da presentación da seguinte documentación:

*** Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

*** Certificación** expedida pola Intervención ou pola Secretaría do concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e NIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

*** Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2017.

*** Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.
* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

*** Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

*** Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

3.- Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello da Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2017, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2018.**

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª 6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.

1.- O Concello da Coruña deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Concello da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello da Coruña poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello da Coruña queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos

recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª. 6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello da Coruña serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2018** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2017.

2.- Previa solicitude do Concello da Coruña, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e do Concello da Coruña, respectivamente.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ------

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento”

5.-CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA AO CONCELLO DE RIANXO PARA FINANCIAR AS "OBRAS DE ADECUACIÓN PARA MUSEO DA CASA DE RAFAEL DIESTE NO MARCO DAS ACTUACIÓNS QUE SE HAN DESENVOLVER NA ACADEMIA LITERARIA CENTRO LITERARIO CASTELAO" E APROBACIÓN DO CONVENIO.

1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa, por importe de **189.456,66 €**, ao Concello de Rianxo para financiar as *Obras de adecuación para museo da casa de Rafael Dieste no marco das actuacións a desenvolver na Academia Literaria Centro Literario Castelao do Concello de Rianxo,* cun orzamento subvencionado de 236.820,82 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 3 de maio de 2017.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2018, autorice o correspondente Orzamento.

"**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Rianxo para financiar as *Obras de adecuación para museo da casa de Rafael Dieste no marco das actuacións a desenvolver na Academia Literaria Centro Literario Castelao do Concello de Rianxo.***

Na Coruña,

REUNIDOS

Dona Goretti Sanmartín Rei, deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia núm. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área.

E doutra parte o Sr. Adolfo Muíños Sánchez, alcalde presidente do Concello de Rianxo.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

M A N I F E S T A N

1.- Que os art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, atribúe ás deputacións competencias no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia en materia de cultura; asemade, a Lei 8/1995, do patrimonio

cultural de Galicia, establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia.

2.- Que a casa de Rafael Dieste é unha edificación brasonada do século XVIII, situada na rúa de Abaixo de Rianxo, centro histórico da vila, ao igual que a de Castelao e a de Manuel Antonio; leva deshabitada dende hai case un cuarto de século.

Adquirida polo Concello de Rianxo en 2007, a edificación atópase dentro do ámbito da ARI (área de rehabilitación integral), segundo a declaración do 5 de maio de 2008, que contempla diversos núcleos de Rianxo. Está tamén dentro da área de afección do Decreto 61/2009, do 12 de marzo, polo que se declara ben de interese cultura a casa de Alfonso Daniel Rodriguez Castelao, coa categoría de sitio histórico polo Consello da Xunta, co máximo grao de protección prevista na lexislación para o patrimonio cultural.

3.-Tendo en conta as circunstancias expostas, a Corporación incorporou o crédito destinado ao seu financiamento.

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Rianxo ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Rianxo con CIF P-1507300J, para o financiamento da obra de "adecuación para museo da casa de Rafael Dieste no marco das actuacións que se han desenvolver na Academia Literaria Centro Literario Castelao**"**, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por D. Amancio Losada Vicente, arquitecto colexiado nº1463 do Colexio Oficial de Arquitecto de Galicia.

2- O Concello de Rianxo, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras.

O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado.

Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de Rianxo, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagrégase co seguinte detalle:

1 ACTUACIÓNS PREVIAS	9.942,07
2 MOVEMENTO DE TERRAS	1.571,72
3 CIMENTACIÓN	7.626,43
4 SANEAMENTO E PLUVIAIS	1.120,03
5 ESTRUTURA	39.568,31
6 ALBANELERÍA	15.486,23
7 CARPINTERÍA INTERIOR	16.193,22
8 INSTALACIÓN ELÉCTRICA E PROTECCIÓN CONTRAINCENDIOS	12.786,40
9 INSTALACIÓN DE FONTANERÍA	1.986,41
10 INSTALACION DE CALEFACCIÓN	4.924,92
11 REVESTIMENTOS	27.203,77
12 ASCENSOR	20.971,54
13 XESTIÓN DE RESIDUOS	3.245,59
14 SEGURIDADE E SAÚDE	1.203,64
15 CONTROL DE CALIDADE	640,05
Orzamento de execución material	164.470,33
13% de gastos xerais	21.381,14
6% de beneficio industrial	9.868,22
Suma	195.719,69
21% IVA	41.101,13
Orzamento de execución por contrata	**236.820,82**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 189.456,66 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00 %. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando o Concello de Rianxo que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80%, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os

gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3331/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito, na presente anualidade. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello de Rianxo de que o compromiso de gasto queda condicionado á afectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel exista dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Rianxo obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1.- Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de Rianxo o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia as cláusulas primeira e segunda.

2.- No procedemento de contratación, o Concello de Rianxo axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o Concello de Rianxo tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.- Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de Rianxo estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1.- Coa posibilidade prevista na base 57ª das de execución do orzamento para o ano 2017, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Rianxo pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra .

2.- Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do Concello de Rianxo, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Rianxo na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Rianxo terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a

finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4.- Deberá acreditar terlles aboado aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de Rianxo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. O Concello de Rianxo deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. o Concello de Rianxo destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Rianxo poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Rianxo queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Rianxo serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Rianxo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do presente ano, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio de 2018.**

2. Para o caso de que o Concello de Rianxo non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 1 de abril de 2018**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de

Rianxo perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

6.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE CULLEREDO PARA FINANCIAR O MANTEMENTO XERAL E A RESERVA DE CINCO PRAZAS DO CENTRO OCUPACIONAL "A ESCADA" NO ANO 2017.

1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 27 de agosto de 2014.

2.- Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Culleredo, CIF P1503100H para financiar o "Mantemento xeral e a reserva de cinco prazas do Centro Ocupacional "A Escada" no ano 2017", cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 70.000,00€, que representa unha porcentaxe do 45,44% do total do gasto previsto que é de 154.054,20€, importe que será aboado conforme ao previsto nas cláusulas VI e VIII do texto do convenio, e con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/46201 do orzamento vixente.

3.- Condicionar a vixencia do convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2018".

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA EO CONCELLO DE CULLEREDO PARA FINANCIAR O MANTEMENTO XERAL E A RESERVA DE 5 PRAZAS DO CENTRO OCUPACIONAL "A ESCADA"

Na Coruña, ____ de_____ de _____ na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dna. Ánxela Franco Pouso, deputada de Benestar Social,Educación e Políticas de Igualdade e Política de Igualdade, en virtude das Resolucións da Presidencia número 1567/2015 e 16642/2015 polas que se lle delega competencia para asinar convenios na súa área.

D. Julio Sacristán de Diego, alcalde presidente do Concello de Culleredo.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

M A N I F E S T A N

Que a Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local, 7/85, art. 36 e coa Lei de administración local de Galicia 5/97 , art. 109 e 119, así como coa Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008 e no Decreto 99/2012 do 16 de marzo.

Conforme as leis citadas, é competente a Deputación da Coruña para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen as ditas actividades.

Na Lei de servizos socias para Galicia 13/2008, art. 63 menciónanse as competencias da Deputación no apoio xurídico económico e técnico cara aos concellos, nos temas da súa competencia, sendo os programas de inserción e integración das persoas con discapacidade de competencia dos concellos, polo que está xustificado o apoio desta Deputación para levar adiante o programa de actividades do que se trata no convenio, consistente en facilitar ás persoas con diversidade funcional o acceso a actividades ocupacionais, o que supón unha actividade de integración e de mellora da calidade de vida destas.

Que o Concello de Culleredo no ámbito das súas competencias, ten un Centro ocupacional para persoas adultas con discapacidade intelectual, denominado “A Escada”.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do Concello de Culleredo ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Culleredo, CIF P1503100H, para o financiar o Mantemento xeral e a reserva de cinco prazas no Centro Ocupacional “A Escada”, para persoas usuarias procedentes dos diferentes concellos da área metropolitana da Coruña: Oleiros, Sada, A Coruña, Bergondo, Betanzos, Abegondo, Cambre, Carral, Arteixo e Cerceda.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA.

O Concello de Culleredo levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO		IMPORTE
Gastos de persoal	Pedagoga	45.484,61 €
	Monitora taller	27.653,79 €
	Auxiliar socioeducativa	15.958,58 €
	Auxiliar administrativa	3.810,28 €
	Conserxe	1.835,64 €
	Xefa de Sección de Atención especializada	10.161,30 €
Mantemento de edificio e maquinaria	Mantemento alarma e reparacións eléctricas, maquinaria taller, mantemento calefacción, contedores hixiénicos, extintores, fontanería, pintura do centro, etc	7.600,00 €
Subministracións	Obradoiros artesanía, cociña, teléfono, vestiario, farmacia, gas, luz, etc	500,00 €
Transporte		16.900,00 €
Seguros		800,00 €
Gastos diversos	Gastos banco, etc	600,00 €
Traballos que han realizar outras empresas	- Obradoiro físico deportivo - Obradoiro de artesanía - Asesoría afectivo sexual	21.750,00 €
	Dietas	1.000,00€
TOTAL GASTOS		154.054,20 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 70.000,00€, o que representa unha porcentaxe de 45,44%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 45,44%, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando o Concello de Culleredo que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Para a anualidade 2017 existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello de Culleredo de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria adecuada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Corresponderalle ao Concello de Culleredo o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2.No procedemento de contratación, o Concello de Culleredo axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.No caso de que o Concello de Culleredo tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Culleredo**.**

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1 - Coa posibilidade prevista no disposto na base 57ª das de execución do orzamento para o ano 2017 ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagábel, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Culleredo, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionábel unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- O Concello de Culleredo estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2 - Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Concello de Culleredo, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagábel.

3. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Culleredo na documentación achegada. E se transcorreran máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrara o importe que lle corresponda, o Concello de Culleredo terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017**.

2. Unha vez realizada a actividade, o Concello de Culleredo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta, **antes do 31 de maio de 2018.**

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Culleredo para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Culleredo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Culleredo na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello de Culleredo terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de Culleredo deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. O Concello de Culleredo destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Culleredo poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Culleredo queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Culleredo serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Culleredo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do 2017, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio de 2018,** todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente.

2.Para o caso de que o Concello de Culleredo non poida ter presentada a xustificación **antes do día 31 de maio de 2018**, deberá solicita, polo menos, dous meses antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro de 2018**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Culleredo perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de Culleredo, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por o día
_____de_____de_____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

7.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) PARA FINANCIAR O PROXECTO "PROGRAMA DE INTERMEDIACIÓN LABORAL".

1º.- Excepcionar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no informe que consta no expediente.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3º Excepcionar, no presente expediente, o cumprimento do principio de imputación temporal do gasto establecido no artigo 176 do Texto refundido da lei de facendas locais, dado que o gasto a que vai referido o convenio xa foi executado no exercicio 2015.

4º Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e coa CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE CIFG32115941 para financiar o proxecto "Programa de Intermediación Laboral,"

5º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 60.239,64 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 20,70 %.

6º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/24101/481, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2017.

7º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.

8º O texto do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Señor D. José Luis García García, en representación da Deputación Provincial da Coruña, en virtude da RP 2015/15671, do 27 de xullo, modificada pola RP 2015/16642, do 30 de xullo, e pola RP 15/29081, do 23 de decembro

Doutra parte Dona Mª del Carmen Insua Fabeiro, con DNI núm. 76776473N, en representación da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)

A Coruña
Que a Deputación provincial da Coruña e CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)

Na Coruña

1. Consideran de grande interese para a provincia a realización do congreso dado que "Programa de Intermediación Laboral" ten como obxectivo lograr a promoción e a inserción laboral das persoas con discapacidade. Un dos retos desta entidade é incentivar o acceso ao emprego e a empregabilidade das persoas con discapacidade.
   .
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) CIF G32115941, para o financiamento do proxecto Programa de "Intermediación Laboral".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

GASTOS	IMPORTE
Gastos de persoal orientación	264.571,00 €
Gastos de coordinación de servizo: Santiago-Ferrol-A Coruña e comarcas de influencia	13.068,24 €
Gastos de persoal de xestión	3.906,82 €
Gastos xerais (desprazamentos)	1.447,99 €
Gastos xerais (teléfono, calefacción, material oficinal…)	8.081,37 €
TOTAL	291.075,42 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 60.239,64 € o que representa unha porcentaxe de 20,70% . No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 20,70 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata

acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/24101/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI). Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI), nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI).

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI), unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, realizaranse entre os días 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2016.

2. Unha vez rematadas as actividades, a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

1. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2016, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro do ano 2017 sempre e cando exista crédito para tal fin

2. Para o caso de que a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación antes do día 30 de setembro de 2017, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada,

co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI), respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

Valentín González Formoso

O representante da entidade

CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)

8.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE MOECHE PARA FINANCIAR O PROXECTO "PROGRAMA DE ACTIVIDADES ARREDOR DO CASTELO E FEIRA DE MOECHE".

1º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento desta subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE MOECHE, CIF P1505000H, para o financiamento das "Programa de actividades arredor do Castelo e Feira de Moeche".

4º.- A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 11.800,00 euros, o que representa unha porcentaxe do 80,00 %

5º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/46201 prevista no vixente orzamento provincial.

6º.- Facultar ao Señor D. Xosé Regueira Varela, en representación da Deputación da Coruña en virtude da R.P. 15671 do 27/07/2015, modificada pola R.P. 16642 do 30/07/2015 e pola R.P. 29081 do 23/12/2015 para a sinatura do convenio.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE MOECHE

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Señor D. Xosé Regueira Varela, en representación da Deputación da Coruña en virtude da R.P. 15671 do 27/07/2015, modificada pola R.P. 16642 do 30/07/2015 e pola R.P. 29081 do 23/12/2015.

Doutra parte Dna. Beatriz Bascoy Maceiras con NIF 32.776.404R en representación do CONCELLO DE MOECHE

1. Que a Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE MOECHE consideran de grande interese para a provincia potenciar e promocionar as actividades arredor do Castelo de Moeche e a ordenación e promoción da Feira de Moeche, actividades que funcionan como motor económico do concello ademais de elemento de promoción turística
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE MOECHE, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **CONCELLO DE MOECHE**, CIF P1505000H, para o financiamento do "Programa de actividades arredor do Castelo e Feira de Moeche".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CONCELLO DE MOECHE levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CASTELO DE MOECHE

1.- Programa de visitas culturais guiadas	2.000,00 €
2.- Exposición cantería	
Servizos externos de produción e organización obradoiros e exposicións obras, gastos xerais canteiros	700,00 €
Exposición: deseño, redacción de contidos, elaboración de paneis	600,00 €
Publicidade: deseño carteis, programa e publicidade prensa e radio	300,00 €
3.- Exposición A Historia Irmandiña e o Castelo de Moeche	
Elaboración de contidos, deseño, paneis lixeiros tipo "roller", soportes para os elementos e pezas e folletos explicativos da exposición e o castelo	2.900,00 €
Publicidade	150,00 €
ACTIVIDADES TURÍSTICAS ARREDOR DA FEIRA	
1.- Feira de Nadal	
Servizos externos produción e organización	2.350,00 €
Decoración luminosa e sinalización do espazo feiral	800,00 €

Publicidade: impresión carteis, petos organización, radio e prensa, pancartas, programas e correo	650,00 €
Obradoiros (contratación empresa externa que os imparta)	200,00 €
2.- Feira do queixo	
Servizos externos de produción e organización da feira	3.100,00 €
Publicidade	500,00 €
3.- Difusión da historia da feira e da súa oferta como elemento turístico	
Elaboración, redacción e impresión de folletos a repartir entre entidades da comarca	500,00 €
TOTAL	**14.750,00 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **11.800,00 €**, o que representa unha porcentaxe do 80,00%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/432.1/462.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE MOECHE obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Corresponderalle ao CONCELLO DE MOECHE o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE MOECHE axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o CONCELLO DE MOECHE tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE MOECHE.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade establecida no disposto na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2017, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE MOECHE, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1.- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
2.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
3.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
4.- O CONCELLO DE MOECHE estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE MOECHE, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
4.-Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE MOECHE na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE MOECHE terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

O CONCELLO DE MOECHE deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE MOECHE deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE MOECHE para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A fala de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE MOECHE da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE MOECHE na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE MOECHE terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.O CONCELLO DE MOECHE deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2**.**A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE MOECHE destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE MOECHE deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE MOECHE poderá ser

escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE MOECHE queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE MOECHE serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións,

coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE MOECHE será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día **1 de novembro do 2016 ata o 30 de xuño do ano 2017**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de setembro do ano 2017**, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o CONCELLO DE MOECHE non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación antes do día **31 de xullo de 2017**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE MOECHE perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE MOECHE, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Deputado A representante do Concello de Moeche

Xosé Regueira Varela

9.-MODIFICACIÓN DAS ESPECIFICACIÓNS DO PLAN DE PENSIÓNS "PERSOAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA. PLAN DE PENSIÓNS".

1.- Aprobar a modificación das especificacións do Plan de pensións "Persoal da Deputación Provincial da Coruña, plan de pensións", quedando o texto definitivo coa seguinte redacción:

TEXTO APROBADO POLA COMISIÓN DE CONTROL NA REUNIÓN DO 22/12/2016.

ESPECIFICACIÓNS DO PLAN DE PENSIÓNS

"PERSOAL DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, PLAN DE PENSIÓNS"

ÍNDICE

I
DENOMINACIÓN, MODALIDADE E ADSCRICIÓN

II

ÁMBITO PERSOAL

III

DEREITOS E OBRIGACIÓNS DO PROMOTOR, DOS PARTÍCÍPES E DOS BENEFICIARIOS

IV

RÉXIME DE ACHEGAS E PRESTACIÓNS

V

ORGANIZACIÓN E CONTROL

VI

MODIFICACIÓN E LIQUIDACIÓN

"Este plan de pensións regularase por estas especificacións, polo Texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro [BOE nº 13/12/2002], polo Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de plans e fondos de pensións e por cantas disposicións de calquera rango que, actualmente ou no futuro, poidan serlle de aplicación.

ESPECIFICACIÓNS DO PLAN DE PENSIÓNS

"PERSOAL DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, PLAN DE PENSIÓNS"

CAPÍTULO I

DENOMINACIÓN, MODALIDADE E ADSCRICIÓN

Artigo 1.- Denominación

Estas especificacións do Plan de pensións denominado "PERSOAL DA Excma. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, PLAN DE PENSIÓNS", cuxa promotora é a Excma. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, regulan as relacións entre o mencionado plan, o seu promotor, os seus partícipes e os seus beneficiarios, cuxa condición leva implícita a aceptación de todas as normas nel contidas.

Artigo 2.- Modalidade

Este plan de pensións configúrase como unha institución de previsión de carácter voluntario e libre que, en razón dos seus suxeitos constituíntes, encádrase na modalidade de SISTEMA EMPREGO e, en razón das obrigacións estipuladas, na modalidade de ACHEGA DEFINIDA xa que contempla achegas definidas para as continxencias de xubilación, dependencia, falecemento e incapacidade.

No presente plan de pensións establécense dous colectivos:

COLECTIVO A no que se integran todos os funcionarios de carreira e persoal laboral fixo do cadro de persoal así como funcionarios interinos e contratados laborais temporais cunha antigüidade igual ou superior a dous anos na Deputación. Para efectos do cómputo dos dous anos de antigüidade e con respecto ao persoal interino docente contemplado no artigo 23.3 da Lei de emprego público de Galicia, considerarase que este persoal cumpre os requisitos para integrarse no colectivo A cando acumule nomeamentos sucesivos de dous cursos académicos.

COLECTIVO B no que se integran os funcionarios de emprego (persoal eventual) así como os funcionarios interinos e contratados laborais temporais que non reúnan o requisito de antigüidade necesario para formar parte do colectivo A.

Artigo 3.- Adscrición a un Fondo de pensións

1. O presente plan de pensións integrarase no Fondo de pensións CAIXA GALICIA VII, FONDO DE PENSIÓNS, inscrito na Dirección Xeral de Seguros co núm. F-1015.

2. As achegas da promotora e se é o caso das persoas partícipes integraranse inmediata e obrigatoriamente no mencionado fondo de pensións. As ditas achegas, xunto cos seus rendementos netos e os incrementos patrimoniais que xeren, aboaranse na conta de posición que o plan manteña no fondo. O pago das prestacións correspondentes, así como os gastos adicionais que se producisen, efectuarase con cargo á devandita conta.

CAPÍTULO II

ÁMBITO PERSOAL

Artigo 4.- Suxeitos constituíntes

Son suxeitos constituíntes deste plan de pensións:

a) A Excma. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, como promotora do plan.

b) Os partícipes, en cuxo interese se crea o plan.

Artigo 5.- Elementos persoais

Son elementos persoais deste plan de pensións:

a) Os suxeitos constituíntes.

b) Os beneficiarios.

Artigo 6.- Partícipes

Poderán ser participes do plan de pensións o persoal da promotora pertencente a algún dos colectivos contemplados no artigo 2 destas especificacións que lle manifeste á promotora a súa vontade de integrarse neste, desde o momento da súa constitución, e teñan capacidade de obrigarse nos termos establecidos no Texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro, e disposicións complementarias ou substitutorias, a condición de que acepten na súa totalidade e sen limitación ningunha as especificacións deste plan e as normas de funcionamento do seu correspondente fondo.

Poderán incorporarse en calquera momento posterior aqueles que reúnan eses mesmos requisitos e manifesten á promotora a súa vontade de integrarse no plan.

A incorporación ao plan de pensións producirase mediante a subscrición individual dun boletín de adhesión, de acordo co modelo acordado para tal fin pola Comisión de Control do plan de pensións ou mediante escrito dirixido á promotora manifestando a súa vontade de adherirse ao plan

Considéranse empregados da promotora, aos traballadores por conta allea ou asalariados, en concreto, ao persoal vinculado á promotora por relación laboral, incluído o persoal con relación laboral de carácter especial independentemente do réxime da seguridade social aplicable, así como, se é o caso, ao persoal das administracións e entes públicos promotores vinculado por relación de servizos dependente regulada en normas estatutarias ou administrativas

Artigo 7.- Partícipes en suspenso

1. Consideraranse partícipes en suspenso aqueles que non efectúen achegas directas nin imputadas ao plan.

2. As situacións que determinarán a suspensión das achegas da promotora en favor de partícipes pertencentes ao colectivo A son as seguintes:

A promotora non realizará achegas a favor daqueles partícipes pertencentes ao Colectivo A que se atopen nas seguintes situacións:

- Extinción da relación funcionarial ou laboral coa promotora.
- Servizo noutras administracións públicas.
- Excedencia voluntaria por:
  - Prestación de servizos no sector público.
  - Interese particular.
  - Incentivada no marco dun plan de emprego para a redistribución de efectivos.

- Suspensión de funcións, tanto provisional como firme, como consecuencia de condena criminal ou sanción disciplinaria. No caso en que se desestime a suspensión de funcións, a promotora procederá a rehabilitar as achegas do partícipe, con efectos retroactivos ao momento da suspensión.

3. Non se suspenderán as achegas da promotora en favor de partícipes pertencentes ao colectivo A nas seguintes situacións:

- Servizos especiais.
- Servizo activo.
- Expectativa de destino.
- Excedencia forzosa.
- Excedencia por coidado de fillos (incluído por acollemento).

4. Ningún dos supostos de permisos, licenzas nin vacacións suspenderán tampouco as achegas da promotora en favor de partícipes pertencentes ao colectivo A.

5. No caso de que a promotora non realice achegas a favor dun participe pertencente ao Colectivo A por atoparse nalgunha das situacións recollidas no apartado 2) deste artigo, ao devandito partícipe suspenderánselle de forma automática as achegas de carácter voluntario que se lle descontan en nómina pero poderá seguir efectuando achegas voluntarias a través de cargo en conta.

Só no caso de que non realice ningunha achega pasará a partícipe en suspenso.

No caso en que se rehabiliten as achegas obrigatorias da promotor a un partícipe pertencente ao colectivo A tras a suspensión destas, activaranse de forma automática as achegas de carácter voluntario a través de desconto en nómina que o partícipe establecese no seu día.

No entanto, en caso de extinción da relación laboral coa promotora o partícipe estará obrigado a mobilizar o seu dereito consolidado a outro plan de pensións nun prazo máximo de 3 meses.

6. Os partícipes en suspenso manterán os seus dereitos no plan.

Artigo 8.- Beneficiarios

Serán beneficiarios do plan aquelas persoas físicas que, sendo ou non partícipes deste, teñan dereito a percepción de prestacións.

Artigo 9.- Alta dun partícipe no plan

1. Quen se ache en condición de acollerse ao plan conforme ao disposto no artigo 6 destas Especificacións, poderá exercitar o seu dereito de adhesión causando alta no plan desde o momento en que comunique por escrito á promotora que exercita o mencionado dereito.

As adhesións producirán efecto o día en que se realice a primeira achega (directa ou imputada) ou en que se realice un traspaso de dereitos consolidados desde outro plan de pensións.

2. Os dereitos das persoas partícipes no plan considéranse desde a data efectiva da adhesión, é dicir, na data en que, tras comunicar a súa vontade de adhesión ao plan, se realice a primeira achega (directa ou imputada) ou se efectúe un traspaso de dereitos consolidados.

Non obstante o anterior, en relación coas achegas da promotora destinadas ás persoas partícipes pertencentes ao colectivo A do plan (persoal funcionario de carreira e persoal laboral fixo de persoal) que se adheriron ao plan de pensións nun momento posterior á súa constitución, a Deputación provincial non realizará achegas, por esas novas persoas partícipes, ata o ano natural inmediato seguinte á data na que este manifeste o seu desexo de incorporación.

3. Ao partícipe expediráselle certificado acreditativo da súa pertenza e integración ao plan de pensións. Este certificado, que expedirán conxuntamente a entidade Xestora e a entidade Depositaria, non será transferible.

Artigo 10.- Baixa dun partícipe no plan

Os partícipes causarán baixa no plan:

a) Cando se produza algunha das continxencias previstas no plan.

b) Cando cesa definitivamente a relación funcionarial e laboral coa promotora e traslada os seus dereitos consolidados. En tanto non se produce o devandito traslado mantense de alta no plan como partícipe en suspenso.

c) Por terminación do plan, debendo procederse a transferir os seus dereitos consolidados a outro plan de pensións.

d) Cando, nos supostos de enfermidade grave e desemprego de longa duración regulados no Regulamento de plans e fondos de pensións, a totalidade do dereito consolidado se faga efectivo ao partícipe.

Artigo 11.- Alta dun beneficiario no plan

Adquirirán a condición de beneficiarios:

a) Os partícipes que exerzan o dereito a percibir a prestación que lles corresponda por algunha das seguintes continxencias:

- xubilación.
- incapacidade: Incapacidade permanente total para a profesión habitual, incapacidade permanente absoluta para todo traballo ou gran invalidez, determinadas conforme o réxime correspondente da Seguridade Social.
- dependencia severa ou gran dependencia.

b) As persoas físicas que exerzan o dereito a percibir prestacións de viuvez, orfandade ou en favor doutros herdeiros ou persoas designadas por falecemento dun partícipe, segundo a última designación de beneficiarios efectuada por este.

A falta de designación expresa por parte do partícipe, serán beneficiarios, por orde preferente e excluínte:

1. O cónxuxe do partícipe, non separado legalmente.

2. Os fillos do partícipe por partes iguais.

3. Os pais do partícipe por partes iguais.

4. Os irmáns do partícipe por partes iguais.

5. Os herdeiros legais.

En defecto dos anteriores, o dereito económico aumentará a conta de posición do plan.

c) As persoas físicas que, por falecemento dun beneficiario, exerzan o dereito a percibir prestacións de viuvez, orfandade ou en favor doutros herdeiros ou persoas designadas cando o beneficiario falecido estivese a cobrar unha modalidade de prestación reversible.

Artigo 12.- Baixa dun beneficiario no plan

Os beneficiarios que cobren prestacións en forma de renda causarán baixa no plan en caso de falecemento ou cando esta se esgote no caso de rendas temporais ou cobranza en forma de capital.

CAPÍTULO III

DEREITOS E OBRIGACIÓNS DO PROMOTOR, DOS PARTÍCIPES E DOS BENEFICIARIOS

Artigo 13.- Dereitos da promotora

Correspóndenlle á promotora do plan os seguintes dereitos:

a) Ter a súa representación na Comisión de Control do Plan de Pensións nos termos que se dispoñan no capítulo V das presentes especificacións.

b) Solicitar das persoas partícipes os datos persoais e familiares necesarios para determinar as súas achegas ao plan.

c) Ser informado da evolución financeira e actuarial do plan de pensións.

d) Exercitar os restantes dereitos establecidos nas presentes especificacións e na lexislación vixente.

Artigo 14.- Obrigacións da promotora

Será obrigación da promotora:

a) Efectuar o desembolso das achegas imputables ás persoas partícipes, previstas nas presentes especificacións na forma, prazos e contía comprometidas.

b) Así mesmo, deberá facilitar os datos que, sobre o persoal, lle sexan requiridos co obxecto de realizar as correspondentes valoracións actuariais.

c) Ademais, deberá detraer nas nóminas as achegas periódicas voluntarias que os partícipes establezan baixo neste sistema de achegas e transferilas á conta que o fondo manteña na entidade depositaria.

d) Comunicar as altas e baixas das persoas partícipes e as variacións que se produzan e afecten o funcionamento do plan de pensións.

e) Asumir os gastos de funcionamento imputables ao plan mediante o desembolso de achegas extraordinarias nas contías que correspondan.

Articulo 15.- Dereitos dos partícipes

Son dereitos das persoas partícipes do plan os seguintes:

a) A titularidade dos recursos patrimoniais nos que, a través do correspondente fondo, se materialice e se instrumente o plan de pensións.

b) Os seus dereitos consolidados individuais constituídos pola súa cota parte do fondo de capitalización que teña o plan no fondo de pensións correspondente. Este fondo de capitalización estará formado polas achegas e rendas xeradas polos recursos investidos menos os quebrantos e gastos que se produciron.

Os dereitos consolidados só se farán efectivos nos casos previstos nestas especificacións para a súa integración noutro plan de pensións, ou nos casos recollidos no apartado h) deste artigo.

c) Mobilizar a outro plan de pensións, Plan de Previsión Social Empresarial ou Plan de Previsión Asegurado os seus dereitos consolidados, minorados, se é o

caso, nos gastos que permita a normativa vixente en cada momento, nas seguintes circunstancias:

- Por cesamento definitivo da súa relación de emprego coa promotora.

- Por terminación do plan.

A solicitude de mobilización deberá ser notificada por escrito á entidade xestora do fondo ou entidade Aseguradora no que estea integrado o plan, indicando o novo plan no que se integra e achegando certificación emitida pola Entidade Xestora do Fondo de Pensións ou entidade aseguradora ao que pertenza este novo plan na que conste que se acepta a dita integración. Xunto coa mobilización dos recursos económicos a entidade xestora de orixe deberá trasladar á de destino toda a información relevante da persoa partícipe, debendo comunicarlle a esta o contido da dita información.

A transferencia dos dereitos consolidados do partícipe ao novo plan efectuarase nun prazo máximo dun mes ou aquel que determine a normativa vixente en cada momento, desde a recepción pola entidade xestora de toda a documentación anterior.

En caso de cesamento definitivo da relación funcionarial ou laboral a mobilización será obrigatoria nun prazo máximo de 3 meses. Se neste prazo o partícipe non comunicou o plan ao que quere mobilizar, a entidade xestora, logo da comunicación e requirimento da devandita entidade cunha antelación mínima de 15 días ao prazo mencionado, transvasarao ao plan de pensións establecido na disposición adicional única destas especificacións.

En caso de mobilización parcial dos dereitos consolidados seleccionaranse os dereitos consolidados ou económicos correspondentes ás achegas con maior antigüidade. En caso de existir achegas anteriores ao 1 de xaneiro de 2007, o cliente deberá incluír na solicitude indicación referente a se os dereitos consolidados ou económicos que desexa mobilizar corresponden a achegas anteriores ou posteriores á devandita data.

d) Participar, a través da Comisión de Control do Plan, na supervisión do funcionamento e xestión deste, mediante a elección dos seus membros e, se é o caso, asumindo a condición de presidencia, secretaría ou vogalía da dita comisión.

e) Designar beneficiarios para o caso de que se produza a continxencia de falecemento. Así mesmo poderá cambiar a dita designación en tanto sexa partícipe do plan.

f) Estar informados sobre a evolución do plan. A información mínima que recibirá cada partícipe, de forma gratuíta, será:

1. Con ocasión da incorporación ao plan de pensións, o partícipe que o solicite deberá recibir un certificado de pertenza emitido pola entidade xestora.

2. Faráselle entrega, se así o solicita, dun exemplar das presentes especificacións como documentación acreditativa dos seus dereitos e obrigacións. Aínda que, estarán á súa disposición, en todo momento, na sede da entidade promotora.

3. Poñerase ao dispor do partícipe un exemplar da declaración dos principios da política de investimento do fondo de pensións no que estea integrado o plan, á que se poderá acceder a través da rede de oficinas da entidade depositaria ou ben na entidade xestora.

4. Anualmente, remitirase a cada partícipe unha certificación sobre as achegas, directas ou imputadas, realizadas en cada ano natural e o valor dos seus dereitos consolidados no 31 de decembro de cada ano, distinguíndose a parte correspondente a achegas realizadas antes do 01 de xaneiro de 2007.

5. Con carácter trimestral, facilitarase información sobre a evolución e situación dos seus dereitos consolidados no plan, así como outros asuntos que puidesen afectar, especialmente, modificacións normativas, cambios nas presentes especificacións, normas de funcionamento do fondo ou da súa política de investimentos, e das comisións de xestión e depósito.

6. Un caderno individualizado do plan de pensións ou outro soporte informativo similar.

Así mesmo, poñerase ao dispor das persoas partícipes a través da rede de oficinas da entidade depositaria e/ou xestora a totalidade dos gastos do fondo na parte que sexan imputables ao plan expresados en porcentaxe sobre a conta de posición.

Así mesmo, garantirase o acceso gratuíto á información individualizada correspondente a cada participe sobre a evolución, situación e valoración diaria dos seus dereitos consolidados e as súas achegas ao plan de pensións.

g) Solicitar ao fondo no que estea integrado o seu plan de pensións, a través da súa entidade xestora, que se fagan efectivos os seus dereitos consolidados na súa totalidade ou en parte, con carácter excepcional, nos supostos de enfermidade grave e desemprego de longa duración de acordo co establecido na lexislación vixente.

h) Realizar calquera consulta individualizada sobre o plan e fondo de pensións.

Artigo 16.- Obrigacións das persoas partícipes

Son obrigacións das persoas partícipes:

a) Comunicarlle á entidade xestora do fondo os datos persoais e familiares que lle sexan requiridos para causar alta no plan e para determinar a cobranza das prestacións. Así mesmo, deberá comunicar calquera modificación que se produza nos ditos datos.

b) Efectuar o desembolso das achegas voluntarias establecidas a través da modalidade de cargo en conta na forma, prazos e contía comprometidas.

c) Permitir, que a promotora detraia da súa nómina as achegas voluntarias ao plan de pensións correspondentes, se é o caso, ao partícipe

Artigo 17.- Dereitos dos beneficiarios

Corresponden aos beneficiarios do plan os seguintes dereitos:

a) A titularidade dos recursos patrimoniais nos que, a través do correspondente fondo, se materialice e se instrumente o seu plan de pensións.

b) Ter a súa representación na Comisión de Control do Plan de Pensións nos termos previstos nas disposicións legais e o capítulo V das presentes especificacións.

c) Percibir as prestacións que lles correspondan ao producirse as continxencias previstas no plan.

d) Recibir da entidade xestora unha certificación das prestacións cobradas, así como das retencións practicadas a conta.

e) Así mesmo, e con periodicidade anual, remitiráselle unha certificación sobre o valor dos seus dereitos económicos no plan ao 31 de decembro

f) Producida e comunicada a continxencia, o beneficiario do plan de pensións deberá recibir información apropiada sobre a prestación e as súas posibles reversións, sobre as opcións de cobranza correspondentes, se é o caso, e respecto do grao de garantía ou do risco de conta do beneficiario. No seu caso, faráselle entrega ao beneficiario do certificado de seguro ou garantía da súa prestación emitido pola entidade correspondente.

g) Con carácter trimestral, facilitarase información sobre a evolución e situación dos seus dereitos económicos no plan, así como outros asuntos que puidesen afectar, especialmente, modificacións normativas, cambios nas presentes especificacións, normas de funcionamento do fondo ou da súa política de investimentos, e das comisións de xestión e depósito.

Artigo 18.- Obrigacións dos beneficiarios

Son obrigacións dos beneficiarios:

a) O beneficiario do plan de pensións ou o seu representante legal, deberá solicitar a prestación sinalando se é o caso a forma elixida para a súa cobranza e presentar a documentación acreditativa da continxencia.

b) Notificarlle á entidade xestora os datos persoais e familiares que lle sexan requiridos para xustificar o dereito á percepción das prestacións e do seu mantemento ao longo do tempo.

Artigo 19.– Protección de datos

Para os efectos do disposto na vixente Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que a finalidade da recollida dos datos solicitados no Boletín de Adhesión é a de tramitar a alta no plan de pensións, sendo obrigatorio cubrir este boletín para tales efectos, e de que os ditos datos, así como os demais datos de carácter persoal (incluso os de saúde) que se soliciten e/ou xeren con motivo do mantemento, xestión e execución do devandito plan de pensións, serán incorporados aos ficheiros da entidade xestora do plan –ABANCA Vida e Pensiones de Seguros y Reaseguros S.A-Unipersonal-- e tratados, de forma automatizada ou non, no ámbito e para os efectos de que a entidade xestora cumpra as funcións que, respecto do citado plan de pensións, correspóndenlle conforme o establecido na vixente normativa sobre plans e fondos de pensións .

Así mesmo, os mencionados datos de carácter persoal serán incorporados aos ficheiros da entidade depositaria do plan – ABANCA Corporación Bancaria S.A., en adiante a entidade depositaria-- e tratados, de forma automatizada ou non, no ámbito e para os efectos do cumprimento pola entidade depositaria das funcións que, respecto do citado plan de pensións, correspóndenlle conforme o establecido na vixente normativa sobre plans e fondos de pensións , así como, exclusivamente no caso de que a entidade depositaria conte co consentimento para iso do titular dos datos, para os efectos da realización das accións publicitarias, de promoción ou de mercadotecnia relativas aos produtos e servizos que a entidade depositaria ou as empresas do seu grupo económico --cuxas respectivas actividades comprenden as de tipo financeiro, nas súas diversas modalidades, asegurador, inmobiliario, informático, promoción e venda de bens e artigos de consumo, mercadotecnia, axencia de viaxes, lecer e cultura, e servizos de consultoría e asesoramento--, poidan ofrecer e/ou comercializar en cada momento.

O partícipe queda informado de que os seus datos poderán ser igualmente cedidos a ficheiros comúns do sector para elaborar estudos técnicos, estatístico-actuariais e para a prevención da fraude e do branqueo de capitais.

O titular dos datos poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento, de conformidade co establecido na lexislación vixente, tanto en relación cos datos de carácter persoal tratados pola entidade xestora --a cuxo efecto poderá dirixir un escrito a ABANCA Vida y Pensiones de Seguros y Reaseguros S.A-Unipersonal, Departamento de Atención ao Cliente, Avenida Linares Rivas nº 30, 3º, C.P. 15005 A Coruña ou ao enderezo de correo electrónico sacvidaypensiones@abancaseguros.com--, como en relación cos datos de carácter persoal tratados pola entidade depositaria --para cuxo efecto poderá dirixir un escrito ao seu Servizo de Atención ao Cliente, rúa Nova, nº 30-32, C.P. 15003 - A Coruña--.

A Comisión de Control do Plan de Pensións citado poderá acceder aos mencionados datos de carácter persoal, para os efectos do cumprimento por aquela das funcións que, respecto do mencionado plan, lle concirnen conforme á vixente normativa sobre plans e fondos de pensións. Os asinantes do boletín de adhesión aceptan e consenten expresa e inequivocamente o réxime do tratamento dos datos de carácter persoal anteriormente descrito.

CAPÍTULO IV

RÉXIME DE ACHEGAS E PRESTACIÓNS

Artigo 20.- Sistema de financiamento do plan

1. O sistema financeiro-actuarial que adoptará o presente plan será a "CAPITALIZACIÓN FINANCEIRA INDIVIDUAL".

2. O valor dos dereitos consolidados das persoas partícipes determínase como, a cota parte do Fondo de Capitalización, constituído polas achegas definidas para xubilación, dependencia, falecemento e invalidez, directas e imputadas, das persoas partícipes, e os rendementos netos de gastos que estes xeren. Igual definición aplicarase para os dereitos consolidados das persoas partícipes en suspenso.

3. O plan de pensións non asume a cobertura de ningún risco relacionado coas prestacións previstas, nin tampouco garante un interese mínimo ás persoas partícipes.

Cando se perciban prestacións en forma de renda que supoña a asunción dalgún tipo de risco o plan contratará o aseguramento das devanditas prestacións cunha entidade aseguradora, mediante a correspondente póliza, cuxo tomador será o plan de pensións representado pola presidencia da Comisión de Control.

O valor dos dereitos económicos dos beneficiarios que opten pola percepción das súas prestacións en forma de renda asegurada coincidirá co valor de provisións matemáticas que o asegurador manteña constituídas polo beneficiario.

Artigo 21.- Achegas ao plan

1. Unicamente poderán realizar achegas ao plan de pensións:

- as persoas partícipes.

- a promotora.

Estas achegas terán carácter irrevogable desde o momento do seu pago.

As achegas efectuadas ao plan integraranse necesariamente na conta que o Fondo manteña na entidade depositaria á data do seu pago.

2. Achegas das persoas partícipes:

As achegas das persoas partícipes terán carácter voluntario e poderán ser:

a) ACHEGA INICIAL VOLUNTARIA. Cada participe, xa sexa do colectivo A ou B, fixará, de forma individual, a achega voluntaria inicial que desexe efectuar ao plan de pensións, ingresándoo, neste suposto, na forma que conveñan coa entidade xestora.

O importe desta achega será como mínimo de 60 euros.

b) ACHEGAS PERIÓDICAS VOLUNTARIAS A través de DESCONTO MENSUAL EN NÓMINA: O partícipe, xa sexa do colectivo A ou do colectivo B, determinará de forma individual e voluntaria a achega mensual que desexe realizar ao plan de pensións. Esta achega seralle detraída da nómina mensualmente pola promotora, quen efectuará o seu aboamento na conta que o fondo manteña na entidade depositaria. Para iso, con carácter anual, deberá comunicárselle ao Servizo de Persoal da Deputación provincial antes do 5 de decembro de cada exercicio e con efectos do 1 de xaneiro ao 31 de decembro do exercicio seguinte a contía da achega elixida.

c) ACHEGAS PERIÓDICAS VOLUNTARIAS A través de CARGO EN CONTA DO PARTICIPE TITULAR DO PLAN. O participe, xa sexa do colectivo A ou do colectivo B, determinará de forma individual a achega que desexe realizar ao plan de pensións así como a periodicidade con que desexa efectuala (mensual, trimestral, semestral ou anual).

Esta achega, cuxo importe será como mínimo equivalente a 360 euros anuais, será realizada directamente polo participe a través do cargo na conta que designe (PODERÁ SER UNHA CONTA ABERTA NA ENTIDADE DEPOSITARIA OU EN CALQUERA OUTRA ENTIDADE FINANCEIRA).

d) ACHEGAS EXTRAORDINARIAS ADICIONAIS. Son aquelas que o participe, xa sexa do colectivo A ou do colectivo B, pode realizar á súa vontade, de forma única ou non, e sen necesidade de acollerse a ningunha frecuencia ou contía preestablecida. A decisión de efectuar o pago de achegas extraordinarias será comunicada polo participe á entidade xestora do fondo mediante o correspondente boletín, e o ingreso da cantidade correspondente na conta do fondo. O importe mínimo da achega extraordinaria será de 150 euros.

3. Achegas da promotora:

A promotora contribuirá ao plan de pensións coas seguintes achegas:

a) ACHEGA INICIAL: A promotora efectuará unha achega inicial correspondente ao orzamento do exercicio 2002, pola cantidade que figura na partida orzamentaria correspondente a distribuír a partes iguais entre todos as persoas partícipes pertencentes ao colectivo A do plan (persoal funcionario de

carreira e persoal laboral fixo de persoal) que manifesten a súa vontade de adhesión ao plan desde a súa constitución.

b) ACHEGAS REGULARES ANUAIS: Para anualidades sucesivas a promotora efectuará:

b.1) Achegas anuais regulares que se van distribuír a partes iguais entre as persoas partícipes pertencentes ao Colectivo A do plan (persoal funcionario de carreira, persoal laboral fixo de persoal, así como funcionarios interinos e contratados laborais temporais cunha antigüidade igual ou superior a dous anos na Deputación) que se atopen en activo o 31 de decembro do ano anterior ao exercicio correspondente. O devandito pago farao efectivo, a entidade promotora, dentro dos tres primeiros meses de cada exercicio.

A contía desta contribución anual regular da promotora virá determinada polo crédito consignado no orzamento do exercicio correspondente e os incrementos que mediante modificacións de crédito se aproben polo órgano competente da Corporación Provincial. Todo iso, sen prexuízo da revisión á alza das devanditas cantidades por acordo do Pleno da Corporación ou órgano competente da Corporación provincial.

O importe inicial do crédito consignado no orzamento do exercicio correspondente destinarase á realización das achegas anteriores.

b.2) En relación coas persoas partícipes pertencentes ao colectivo A do plan: funcionarios de carreira, persoal laboral fixo de persoal, así como funcionarios interinos e contratados laborais temporais cunha antigüidade igual ou superior a dous anos na Deputación que adquiran tal condición nun momento posterior á súa constitución, a Deputación provincial non realizará achegas, por esas novas persoas partícipes, ata o ano natural inmediato seguinte á súa data de adhesión ao plan.

A Deputación provincial realizará as modificacións de crédito necesarias para a realización e pago das achegas anteriores, que terán carácter adicional ás indicadas no apartado b.1) anterior.

c) ACHEGAS EXTRAORDINARIAS ADICIONAIS: A promotora efectuará ao plan de pensións as achegas extraordinarias mencionadas no apartado e) do artigo 14 destas especificacións ou outras que acorde o Pleno da Deputación Provincial ou órgano competente da Corporación.

As achegas extraordinarias adicionais da Deputación provincial repartiranse a partes iguais entre todas as persoas partícipes do plan de pensións pertencentes ao colectivo A do plan (funcionarios de carreira, persoal laboral fixo de persoal, así como funcionariado interino e contratado laboral temporal cunha antigüidade igual ou superior a dous anos na Deputación) mencionado no artigo 2 das presentes especificacións. No entanto, a repartición das achegas extraordinarias mencionadas no apartado e) do artigo 14 das presentes especificacións, destinadas á asunción de gastos de funcionamento imputables ao plan pola promotora, efectuarase entre todos as persoas partícipes do plan de pensións pertencentes ao Colectivo A e B

do plan, en proporción á contía dos dereitos consolidados medios individualizados de cada partícipe no exercicio anterior.

A contía das achegas anuais sucesivas da Deputación provincial, mencionadas no apartado b) anterior, garantirán unha achega mínima por cada partícipe nunha contía non inferior á que resulte da repartición individual da achega inicial da Deputación provincial mencionada no apartado a) anterior.

4. O cumprimento dos anteriores compromisos de achegas por parte da promotora queda supeditado á existencia e dispoñibilidade de crédito adecuado e suficiente e á súa aprobación polo órgano competente.

No proxecto de orzamento da Deputación Provincial da Coruña figurarán os créditos necesarios para garantir o pago das achegas da promotora nas contías mínimas indicadas nos parágrafos anteriores.

5. Os partícipes poderán combinar, tanto ao causar alta no plan como durante a súa permanencia neste, os devanditos sistemas de achegas.

6. O traspaso ao Plan dos Dereitos Consolidados doutros plans de pensións non ten o carácter de achega, mantendo, no entanto, a súa natureza de dereito consolidado.

Artigo 22.– Contía máxima das achegas

1. Dentro de cada ano natural, a contía máxima das achegas ao plan tanto directas como imputadas a un partícipe non poderán exceder os límites máximos de achega establecidos, con carácter xeral e en función da idade, no texto refundido da lei ou en disposición con rango de lei que modifique os devanditos límites.

O límite máximo legal para as achegas directas do partícipe ao plan non afecta ao traspaso de dereitos consolidados provenientes doutro plan de pensións.

2. Se a acumulación das achegas directas ao plan realizadas polo partícipe con outras realizadas polo propio partícipe a outro ou outros plans de pensións superase o límite máximo legal para achegas directas, o partícipe terá que retirar os excesos de achegas doutro plan ou plans

Para tal fin, o partícipe comunicaralle á entidade xestora as achegas realizadas por el a outros plans de pensións cuxa entidade xestora non sexa a mesma que a deste fondo de pensións.

3. A entidade xestora queda autorizada a suspender para un/ha partícipe, dentro de cada ano natural, o réxime de pago das achegas periódicas que van vencer ou a non tramitar modificacións a este ou novas achegas extraordinarias cando co novo pagamento, xunto coas achegas xa efectuadas por el no ano natural, se supere o mencionado límite, informando diso á persoa partícipe.

Artigo 23.- Modificación, suspensión e rehabilitación de achegas

1. Modificación:

Mediante comunicación escrita dirixida á entidade xestora con quince días naturais de aviso previo antes da data habitual do cargo en conta, o partícipe poderá modificar o seu sistema de achegas voluntarias a través do cargo en conta canto a importe, periodicidade ou crecemento delas, sen efecto retroactivo.

As achegas voluntarias establecidas a través de desconto en nómina establecidas para un determinado exercicio só se suspenderán no caso de que a promotora suspenda as achegas a favor dun partícipe pertencente ao Colectivo A por algunha das situacións recollidas no artigo 7.2 destas especificacións ou exista algún suposto que impida a correspondente detracción de nómina.

2. Suspensión:

Cando a promotora suspenda as achegas a favor dun partícipe pertencente ao Colectivo A por algunha das situacións recollidas no artigo 7.2. destas especificacións a ese partícipe suspenderánselle de forma automática as achegas de carácter voluntario que se lle descontan en nómina pero poderá seguir efectuando achegas voluntarias a través de cargo en conta. Só no caso de que non realice ningunha achega pasará a partícipe en suspenso mantendo os seus dereitos consolidados no plan.

En caso de extinción da relación funcionario ou laboral, o partícipe deberá solicitar o traslado dos seus dereitos a outro plan nun prazo máximo de 3 meses. Se neste prazo o partícipe non comunicou o plan ao que quere mobilizar, a entidade xestora, despois da comunicación e requirimento da dita entidade cunha antelación mínima de 15 días ao prazo mencionado, transvasarao ao plan de pensións establecido na disposición adicional única destas especificacións.

3. O partícipe pode rehabilitar en calquera momento o pago de achegas voluntarias a través de cargo en conta, previamente suspendido, mediante trámite similar ao previsto para a incorporación de altas ao plan. No caso en que se rehabiliten as achegas obrigatorias da promotora a un partícipe pertencente ao Colectivo A tras a suspensión destas, activaranse de forma automática as achegas de carácter voluntario a través de desconto en nómina que o partícipe establecese no seu día.

Artigo 24.- Falta de pagamento de achegas

En caso de falta de pagamento das achegas da promotora, a entidade xestora do fondo comunicarallo á comisión de control do plan para que realice os trámites que considere oportunos.

Artigo 25.- Devolución de achegas

A entidade xestora do fondo poderá devolver ao partícipe parte das achegas xa pagadas, aboándoas na conta respectiva, nos seguintes casos:

a) Cando o conxunto das achegas directas dun partícipe a plans de pensións supere nun ano natural o límite máximo legal para achegas directas.

O partícipe deberalle xustificar á entidade xestora a superación do citado límite mediante as certificacións emitidas por aquelas entidades xestoras de fondos de pensións nos que se produciron as achegas que en conxunto orixinan a superación do límite.

Os excesos que se produzan sobre a achega máxima establecida poderán ser retirados antes do 30 de xuño do ano seguinte, sen aplicación da sanción prevista no artigo 36.4 do Texto refundido da Lei de plans e fondos de pensións

En ningún caso o pago da devolución de achegas terá data de valor retroactiva.

A devolución realizarase polo importe efectivamente achegado en exceso, con cargo ao dereito consolidado do partícipe. A rendibilidade imputable ao exceso de achega aumentará ao patrimonio do fondo de pensións se fose positiva, e será de conta do partícipe se resultase negativa.

b) Por erros no proceso de cobranza de achegas:

Cando como consecuencia de erros no proceso administrativo de cobranza de achegas, ou de modificación ou suspensión delas, resultasen indebidamente cargadas achegas nas contas das persoas partícipes, tras solicitude destes, a entidade xestora tramitará a súa devolución, sen xuros.

Considerarase que se derivan de erro administrativo as achegas que puidesen cargarse na conta do partícipe durante o período que medie entre o acaecemento dunha continxencia e a comunicación desta á entidade xestora do fondo en que se atope integrado o plan de pensións, salvo indicación en contrario por parte do partícipe.

c) Por traslado de dereitos consolidados a outro plan:

Cando un/ha partícipe solicite un traslado a outro plan e tivese unha cota periódica pendente de cargo, esta poderá ser devolta, non incluíndoa no importe de traslado, en aras de axilizar o proceso de mobilización.

Artigo 26 - Continxencias cubertas polo plan

As continxencias cubertas polo presente plan de pensións, que dan orixe ao pago de prestacións, son as seguintes:

a) Xubilación.

Para a determinación desta continxencia estarase ao previsto no réxime de Seguridade Social correspondente. A continxencia de xubilación entenderase producida cando o partícipe acceda efectivamente á xubilación no réxime da

Seguridade Social correspondente sexa á idade ordinaria, anticipada ou posteriormente.

Cando non sexa posible o acceso dun partícipe á xubilación, a continxencia entenderase producida no momento en que o partícipe cumpra os 65 anos de idade, no momento no que o partícipe non exerza ou cese na actividade laboral ou profesional, e non se atope cotizando para a continxencia de xubilación para ningún réxime da Seguridade Social. No entanto, poderá anticiparse a percepción da prestación correspondente a partir dos 60 anos de idade, nos seguintes supostos:

a) Que cese en toda actividade determinante da alta na Seguridade Social sen prexuízo de que, se é o caso, continúe asimilado á alta nalgún réxime da Seguridade Social.

b) Que no momento de solicitar a disposición anticipada non reúna aínda os requisitos para a obtención da prestación de xubilación no réxime da Seguridade Social correspondente.

Así mesmo poderase percibir a prestación de xubilación no caso de que o partícipe, calquera que sexa a súa idade, extinga a súa relación laboral e pase á situación legal de desemprego nos casos contemplados nos artigos 49.1g, 51, 51 e 57.bis do Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores: (1) Morte, xubilación ou incapacidade do empresario ou extinción da personalidade xurídica contratante; (2) Despedimento colectivo por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción (ERE); (3) Extinción do contrato por causas obxectivas; (4) Procedemento concursal; así como naqueles supostos que estableza en cada momento a normativa.

A partir do acceso á xubilación, o partícipe poderá seguir realizando achegas ao plan de pensións. No entanto, unha vez iniciada a cobranza da prestación de xubilación, as achegas só poderán destinarse ás continxencias de falecemento e dependencia. O mesmo réxime aplicarase, cando non sexa posible o acceso á xubilación, ás achegas que se realicen a partir da idade ordinaria de xubilación ou a partir da cobranza anticipada da prestación correspondente e no suposto de xubilación parcial.

Aqueles partícipes que, conforme o réxime da Seguridade Social, se atopen en situación de xubilación parcial poderán realizar achegas para a xubilación total ou ben cobrar a prestación con motivo da xubilación parcial.

b) Incapacidade permanente total para a profesión habitual, incapacidade permanente absoluta para todo traballo ou gran invalidez, determinadas conforme o Réxime correspondente da Seguridade Social.

c) Dependencia severa ou gran dependencia do partícipe regulada na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

d) O falecemento do/a partícipe por calquera causa. Esta continxencia acreditarase mediante o correspondente Certificado de defunción.

e) O falecemento dun beneficiario por calquera causa que, en función da modalidade de prestación que previamente se definiu, xere o dereito a prestación a favor do seu cónxuxe, fillos, herdeiros ou persoas designadas polo beneficiario. Esta continxencia acreditarase mediante o correspondente certificado de defunción.

Artigo 27.- Prestacións do plan

As prestacións previstas polo plan para cada unha das continxencias cubertas por este, serán as seguintes:

a) Para a continxencia de xubilación: prestación de xubilación.

b) Para a continxencia de invalidez: prestación de incapacidade.

c) Para a continxencia de dependencia: prestación de dependencia.

c) Para a continxencia de falecemento: prestación por falecemento.

Así mesmo, o partícipe poderá dispor anticipadamente do importe dos seus dereitos consolidados correspondente ás achegas realizadas que conten con polo menos dez anos de antigüidade. A percepción dos dereitos consolidados neste suposto será compatible coa realización de achegas a plans de pensións para continxencias susceptibles de acaecer.

Artigo 28.- Prestación de xubilación

O importe desta prestación será igual á cota parte que á persoa partícipe, na data da súa liquidación, correspóndalle do fondo de capitalización que se constituirá para esta prestación coas achegas definidas indicadas no artigo 20 das presentes especificacións máis os rendementos, netos de gastos, que estas xeren no fondo.

Artigo 29.- Prestación de incapacidade

O importe desta prestación será igual á cota parte que á persoa partícipe, na data da súa liquidación, correspóndalle do fondo de capitalización que se constituirá para esta prestación coas achegas definidas indicadas no artigo 20 das presentes especificacións, máis os rendementos, netos de gastos, que estas xeren no fondo.

Artigo 30. – Prestación de dependencia

O importe desta prestación será igual á cota parte que á persoa partícipe, na data da súa liquidación, correspóndalle do fondo de capitalización que se constituirá para esta prestación coas achegas definidas indicadas no artigo 20 das presentes especificacións, máis os rendementos, netos de gastos, que estas xeren no fondo.

Artigo 31.- Prestación por falecemento

O importe desta prestación causada por un partícipe será igual á cota parte que á persoa partícipe, na data da súa liquidación, correspóndalle do fondo de capitalización que se constituirá para esta prestación coas achegas definidas indicadas no artigo 20 das presentes especificacións, máis os rendementos, netos de gastos, que estas xeren no fondo.

No caso de falecemento de beneficiarios con modalidade de renda financeira temporal, o importe do fondo de capitalización pendente de liquidar.

Artigo 32.- Prestacións das persoas partícipes en suspenso

As persoas partícipes en suspenso terán dereito ás seguintes prestacións:

a) Prestación de xubilación ou equivalente: a partir do día en que teña dereito de acordo co artigo 25.a), a propia persoa partícipe en suspenso cobrará un capital, ou renda equivalente, cuxo importe será igual á capitalización financeira dos seus dereitos consolidados á data do cesamento, á taxa real de rendibilidade que obteña o plan no fondo desde esa data ata a data de liquidación da prestación.

b) Prestación de falecemento: en caso de falecemento do partícipe en suspenso antes de alcanzar a súa data de xubilación, os seus beneficiarios cobrarán un capital ou renda equivalente cuxo importe será igual á capitalización financeira dos seus dereitos consolidados á data do cesamento, á taxa real de rendibilidade que obteña o plan no fondo desde esa data ata a data de liquidación da prestación.

c) Prestación de invalidez: a partir do momento en que a persoa partícipe cause baixa por invalidez, esta cobrará un capital ou renda equivalente cuxo importe será igual á capitalización financeira dos seus dereitos consolidados á data do cesamento, á taxa real de rendibilidade que obteña o plan no fondo desde esa data ata a data de liquidación da prestación.

d) Prestación de dependencia: a partir do momento en que a persoa partícipe cause baixa por dependencia, este cobrará un capital ou renda equivalente cuxo importe será igual á capitalización financeira dos seus dereitos consolidados á data do cesamento, á taxa real de rendibilidade que obteña o plan no fondo desde esa data ata a data de liquidación da prestación.

Artigo 33.- Modalidades de pago das prestacións

1. As datas e modalidades de percepción das prestacións, como consecuencia das continxencias indicadas nas presentes especificacións, serán fixadas libremente polo partícipe ou polo beneficiario, nos termos legalmente establecidos, e coas limitacións que se establecen nas presentes especificacións.

As prestacións poderán ter as seguintes modalidades:

a) Capital. O seu importe será igual ao valor dos dereitos económicos do beneficiario no momento do pago da prestación. O pago desta prestación poderá ser inmediato á data da continxencia ou diferido a un momento posterior.

O beneficiario dunha prestación en forma de capital diferido poderá anticipar o vencemento do capital na súa totalidade.

En caso de optar por unha prestación en forma de capital inmediato, este aboaráselle nun prazo non superior ao legalmente establecido, desde a recepción pola entidade xestora de toda a documentación anterior

b) Renda financeira, consistente na percepción de dous ou máis pagamentos sucesivos con periodicidade regular, incluíndo polo menos un pago en cada anualidade.

O beneficiario fixará:

- O importe e periodicidade (mensual, trimestral, semestral ou anual) dos pagos.
- A revalorización anual (crecemento acumulativo) da renda
- A data de inicio de pago da renda, podendo diferir o inicio da súa cobranza.

A duración da renda determinarase en función da rendibilidade real que obteña o plan de pensións, esgotándose cando se consuma o dereito económico do beneficiario. En caso de falecemento do beneficiario antes do esgotamento do dereito económico, o importe remanente constituirá un novo dereito económico a favor de quen legalmente lle corresponda.

O beneficiario poderá solicitar a anticipación de contías ou vencementos da renda, comunicándoo por escrito á entidade xestora. Neste tipo de rendas, o propio beneficiario asume o risco da obtención da rendibilidade esperada e o plan de pensións non precisa de reservas patrimoniais nin marxe de solvencia.

c) Mixtas. É unha combinación dun único pago en forma de capital, con rendas de calquera das dúas modalidades anteriores. En calquera caso, só terá a consideración de capital o expresamente solicitado como tal polo beneficiario no momento de recoñecerse a prestación polo plan de pensións.

d) Prestacións distintas das anteriores en forma de pagos sen periodicidade regular, logo da aceptación por parte da entidade xestora.

As datas e modalidades de percepción das prestacións serán, con carácter xeral, fixadas e modificadas libremente polo partícipe ou o beneficiario, salvo disposición en contrario nas presentes especificacións e sempre que se cumpran os requisitos e limitacións establecidas nestas.

Para estes efectos, as limitacións establecidas para o pago deste tipo de prestacións sen periodicidade regular son as seguintes:

- Permitirase un máximo de TRES (3) pagamentos anuais cuxo importe mínimo deberá ser de 600 €. No caso de que o saldo residual mínimo do

plan de pensións sexa inferior á devandita cantidade, o pago deberá liquidar a totalidade do remanente no plan.

- O aboamento efectuarase na conta á vista designada polo beneficiario dentro dos cinco primeiros días hábiles do mes seguinte á aprobación de aboamento pola Entidade Xestora do Plan de Pensións.

Respecto das rendas do apartado anterior:

Nas rendas do tipo b), o propio beneficiario asume o risco da obtención da rendibilidade esperada e o plan non precisa reservas patrimoniais nin marxe de solvencia.

2. As prestacións do plan de pensións terán o carácter de monetario.

3. En caso de cobranza parcial dos dereitos consolidados para o seu pago seleccionaranse os dereitos consolidados correspondentes ás achegas con maior antigüidade, salvo se se solicita a cobranza en forma de renda financeira, nese caso seleccionaranse as achegas con menor antigüidade. En caso de existir achegas anteriores ao 1 de xaneiro de 2007, o cliente deberá incluír na solicitude indicación referente a se os dereitos consolidados que desexa percibir corresponden a achegas anteriores ou posteriores á dita data.

Artigo 34.- Procedemento e recoñecemento do pago de prestacións

1. Producida a continxencia determinante dunha prestación, o titular beneficiario poñerao en coñecemento da entidade xestora do fondo, debendo acompañar a información necesaria e a documentación acreditativa do seu dereito á prestación.

2. A documentación referida será examinada pola entidade xestora, a cal poderá solicitar cantos datos complementarios estime necesarios.

3. A entidade xestora notificaralle ao beneficiario o recoñecemento do seu dereito á prestación, ou a súa denegación se é o caso, no prazo máximo legal desde a recepción de toda a documentación. A denegación deberá ser motivada. Igual notificación cursará de forma simultánea á Comisión de Control do Plan, a quen lle corresponde a supervisión do cumprimento das normas deste plan. No devandito recoñecemento, indicarase a forma, modalidade e contía da prestación, periodicidade e vencementos, formas de revalorización, posibles reversións e grao de aseguramento ou garantía.

4. Se o beneficiario optase por cobrar a prestación en forma de capital inmediato, a entidade xestora procederá ao seu aboamento no prazo de sete días desde que aquel presentase a documentación correspondente ou no prazo que determine a normativa vixente en cada momento.

O primeiro pago dunha prestación en forma de renda, será efectuado dentro do prazo máximo legal establecido desde a recepción pola entidade xestora de toda a documentación necesaria para acreditar o dereito á súa cobranza.

5. Para calquera reclamación que os beneficiarios poidan formular, dirixiranse á Comisión de Control do Plan, a través da súa Secretaría, quen a incluirá na orde do día da reunión que se celebre. Esta reunión deberá celebrarse nun prazo máximo de vinte días desde a recepción da reclamación e o acordo correspondente adoptarase no prazo máximo dun mes desde a recepción da reclamación. Do acordo adoptado respecto diso da reclamación presentada darase traslado ao beneficiario, así como á entidade xestora do fondo, nun prazo de dez días.

6. Unha vez comunicada pola promotora á entidade xestora o acaecemento dunha continxencia que poida dar lugar á cobranza dunha prestación, e non comunicado este feito por ningún titular beneficiario, a entidade xestora dará conta á Comisión do Control do Plan esta circunstancia para o seu coñecemento.

Artigo 35.- Certificados de percepción de prestacións

1. Ao peche de cada ano natural, a entidade xestora do fondo remitiralles aos beneficiarios un certificado no que indicará o importe da prestación percibida durante o ano, así como as retencións practicadas a conta do imposto sobre a renda das persoas físicas.

2. Así mesmo, se o beneficiario opta pola cobranza dunha prestación en forma de renda, a entidade xestora do fondo entregaralle un certificado acreditativo da súa condición no que se especificarán as características (duración, forma de cobranza, revalorización, ...) e contía da renda. Se a renda está asegurada indicarase tamén a denominación da entidade Aseguradora e o número de contrato de seguro que garante ao plan a cobertura da prestación.

CAPÍTULO V

ORGANIZACIÓN E CONTROL

Artigo 36.- A Comisión de Control do Plan

1. O funcionamento e execución do plan de pensións serán supervisados por unha comisión de control, formada por representantes da promotora, partícipes e, se é o caso das persoas beneficiarias, de forma que se garanta a presenza de todos os intereses, respectándose en todo momento unha representación paritaria da promotora e das persoas partícipes.

Os representantes das persoas partícipes desempeñarán a representación dos beneficiarios do plan de pensións. Cando no desenvolvemento do plan este quedase sen partícipes a súa representación corresponderalles aos beneficiarios.

2. A comisión de control e, se é o caso, a comisión promotora, estará composta por 10 membros, de acordo coa seguinte repartición:

- Pola promotora: 5 membros.

- Polas persoas partícipes: 5 membros.

3. O cargo de membro da comisión de control será gratuíto

Artigo 37.- Funcións da comisión de control

A Comisión de Control do Plan terá as seguintes funcións:

a) Supervisar o cumprimento das cláusulas do plan en todo o que se refire aos dereitos das persoas partícipes e beneficiarios.

b) Seleccionar a persoa actuaria ou actuarias que deban certificar a situación e dinámica do plan e seleccionar a entidade aseguradora para o aseguramento das prestacións que se perciban en forma de renda, ás que se refire o artigo 19.3 destas especificacións. Designar o actuario independente e, se é o caso, aqueles profesionais independentes que sexan precisos para a revisión financeiro-actuarial do plan conforme a normativa en vigor

c) Nomear os representantes da Comisión de Control do Plan na Comisión de Control do Fondo de pensións ao que estea adscrito.

d) Propor as modificacións que estime pertinentes sobre achegas, prestacións e outras variables,derivadas das revisións actuariais requiridas por medio de normativa. Deberá seguirse o procedemento establecido nas especificacións do propio plan.

e) Supervisar a adecuación do saldo da conta de posición do plan, no seu respectivo fondo de pensións, aos requirimentos do réxime financeiro do propio plan.

f) Representar xudicial e extraxudicialmente os intereses das persoas partícipes e beneficiarias do plan perante a Entidade Xestora do Fondo de Pensións.

g) Propor e, se é o caso, decidir nas demais cuestións sobre as que a lexislación vixente lle atribúa competencias.

Artigo 38.- Elección dos membros da Comisión de Control e da Comisión Promotora

1. A representación da promotora na comisión de control e na comisión promotora do plan será designada directamente por este, podendo ser removidos en calquera momento, realizándose a oportuna comunicación á comisión de control ou á comisión promotora respectivamente.

2. A representación das persoas partícipes na comisión de control e na comisión promotora do plan serán elixidos polos órganos de representación do persoal da Deputación provincial (Xunta de Persoal e Comité de Empresa), garantíndose a presenza dos cinco sindicatos máis votados nas eleccións aos citados órganos.

Estes representantes poderán ser removidos en calquera momento, así como consecuencia de procesos electorais dos citados representantes dos traballadores realizándose a oportuna comunicación á Comisión de control ou á comisión promotora respectivamente. En todo caso as ditas designacións terán unha duración máxima de catro anos.

Sen prexuízo do anterior, cando o número de partícipes que cesen a relación laboral coa promotora e de beneficiarios supere o 20 % do colectivo total do plan deberá designarse polo menos un membro da comisión de control que pertenza a eles. Así mesmo, a súa designación deberá realizarse mediante proceso electoral sempre que o soliciten, polo menos, un terzo deles. En caso de darse a referida circunstancia, a comisión de control incorporará a regulación do proceso electoral nun prazo non superior a dous meses desde a referida solicitude.

Artigo 39.- Duración do cargo de membro da comisión de control

A duración do cargo electo de membro da comisión de control será dun máximo de catro anos, podendo ser reelixido.

Artigo 40.- Funcionamento da comisión de control

1. A comisión de control designará un/ha presidente/a a quen lle corresponderá convocar as súas sesións, dirixir as deliberacións e asumir a súa representación. O voto do/a presidente/a será de calidade en caso de empates.

2. Así mesmo, designará un/ha secretario/a que levantará acta das sesións e levará os libros de actas.

3. A comisión de control quedará validamente constituída cando, debidamente convocada, estean presentes polo menos a metade máis un dos seus membros. A representación dun membro na comisión de control só poderá ser delegada noutro membro desta.

4. Os acordos da comisión de control adoptaranse, polo menos, por maioría absoluta (a metade máis un) dos membros da comisión de control presentes ou representados. No entanto, os acordos e decisións que afecten á política de investimento do fondo de pensións, nos termos recollidos no artigo 32.2 do vixente Regulamento de plans e fondos de pensións , incluirán, polo menos, o voto favorable da metade dos representantes das persoas partícipes na comisión de control.

5. A comisión de control reunirase: a) polo menos, unha vez cada trimestre, b) cando así o soliciten, como mínimo, o 25% dos seus membros e, c) cando o prevexan estas especificacións.

6. As convocatorias das reunións da comisión de control serán realizadas pola Secretaría coa conformidade da Presidencia e notificadas aos demais membros da comisión con polo menos unha semana de antelación á data prevista para a reunión por medio de carta ou calquera outro medio de comunicación con notificación de recibimento, salvo que a reunión teña carácter moi urxente, suposto

en que se efectuará con vinte e catro horas de antelación. A dita convocatoria deberá conter a orde do día prevista para a reunión.

Non obstante o anterior, a comisión entenderase convocada e quedará validamente constituída para tratar calquera asunto, sempre que estean presentes todos os seus membros e estes acepten por unanimidade a celebración da reunión.

7. En caso de ausencia da Presidencia, actuará como suplente desta, o membro presente da comisión de maior idade. En caso de ausencia da Secretaría, actuará como suplente desta, o membro presente da comisión de menor idade. As ditas suplencias quedarán reflectidas na acta da reunión correspondente.

8. A orde do día será proposta pola Secretaría e Presidencia ou, se é o caso, polos membros ou entidades que soliciten legalmente a convocatoria. No entanto, a orde do día de cada reunión poderá ser alterada, o día previsto para a reunión, se consta que todos os membros estivesen de acordo.

9. A comisión promotora terá o mesmo funcionamento e réxime de acordos ca o establecido para a comisión de control.

CAPÍTULO VI
MODIFICACIÓN E LIQUIDACIÓN

Artigo 41.- Modificación do plan de pensións

1. A modificación do presente regulamento do plan de pensións poderá realizarse a pedimento de, polo menos, o 25% dos membros da súa comisión de control.

2. A proposta de modificación requirirá:

a) Ditame previo favorable dun actuario, sempre que a dita modificación afecte ao sistema financeiro do plan.

b) Que o acordo sexa tomado por maioría dos dous terzos (2/3) dos membros da comisión de control.

3. En todo caso, calquera cambio ou modificación que afecte as bases económicas do plan ou á contía da contribución e outras obrigacións da promotora non terá efecto ata que o devandito acordo sexa ratificado pola promotora.

4. Nos demais supostos en que a normativa vixente o esixa.

Artigo 42.- Terminación do plan de pensións

1. Serán causas para a terminación, e posterior liquidación, do presente plan de pensións:

a) O acordo de liquidación do plan tomado por polo menos o 75% dos membros da comisión de control.

b) Calquera causa legalmente establecida.

2. En todo caso serán requisitos previos para a terminación do plan a garantía individualizada das prestacións causadas e a integración dos dereitos consolidados das persoas partícipes noutro plan de pensións.

Artigo 43.- Normas para a liquidación do plan de pensións

Decidida a terminación do plan de pensións, a súa liquidación definitiva realizarase de acordo coas seguintes normas:

a) A comisión de control do plan, por medio da entidade xestora, comunicará a terminación do plan a todos as persoas partícipes e beneficiarias cunha antelación de tres meses.

b) Durante o devandito período de tres meses as persoas partícipes deberán comunicarlles á comisión de control do plan, a través da entidade xestora, a que plans desexan trasladar os seus dereitos consolidados.

c) Durante o mesmo período, os beneficiarios deberán comunicarlle á comisión de control do plan, a través da entidade xestora, a que plans desexan trasladar os seus dereitos derivados das prestacións causadas.

d) Se chegada a data de terminación do plan, algún partícipe ou beneficiario non lle comunicase á comisión de control o indicado nos anteriores apartados b) e c), a entidade xestora procederá ao traslado dos seus dereitos consolidados ou derivados a outro plan de pensións que sexa seleccionado pola comisión de control.

e) Unha vez trasladados os dereitos consolidados de todas as persoas partícipes e os dereitos derivados dos beneficiarios, a comisión de control do plan comunicaralle á entidade xestora do fondo ao que estaba adscrito a terminación definitiva do plan.

f) Finalmente, a Comisión de Control do Plan procederá á súa disolución.

CAPÍTULO VII
INSTANCIAS DE RECLAMACIÓN

Artigo 44.- Instancias de reclamación

Correspóndelle á comisión de control a tutela e protección dos dereitos das persoas partícipes e beneficiarios dos plans de pensións, debendo coidar que tales dereitos sexan respectados pola promotora do plan, así como a xestora e a depositaria do fondo de pensións e actuar de conformidade aos principios de boa fe, equidade e confianza recíproca.

Os partícipes e beneficiarios dos plans de pensións poden dirixir as súas reclamacións á comisión de control, cando estimen que na actuación das entidades

promotora, aseguradora, xestora ou depositaria sufran un tratamento neglixente, incorrecto ou non axustado a Dereito.

As reclamacións presentaranse por escrito, debidamente asinadas polo reclamante ou o seu representante legal. Nas reclamacións necesariamente farase constar o nome, apelidos, número do DNI ou, na súa falta, os datos do documento que acredite fidedignamente a personalidade do reclamante, así como o seu domicilio e o nome do plan de pensións do que é partícipe ou beneficiaria/o.

Así mesmo, a entidade xestora e a entidade depositaria poñen ao dispor dos seus clientes o seu Servizo de Atención ao Cliente en Avenida Linares Rivas 30, 3º da Coruña, Fax 981.21.78.99, correo el.: sacvidaypensiones@abanca.com e Payo Gómez, 2-4, 1º, 15004, A Coruña, Fax: 981 202 494, respectivamente.

Os devanditos servizos atenderán e resolverán conforme a normativa vixente, no prazo máximo de dous meses desde a súa presentación, as queixas e reclamacións expostas directamente ou mediante representación acreditada por todos os partícipes ou beneficiarios do plan de pensións, cando estas se refiran a intereses e dereitos legalmente recoñecidos relacionados co desenvolvemento do plan, xa deriven destas especificacións, da normativa reguladora dos plans e fondos de pensións, da normativa de transparencia e protección da clientela ou das boas prácticas e usos, en particular do principio de equidade.

As queixas e reclamacións presentaranse por escrito en calquera das oficinas da entidade, por correo ou por medios informáticos, electrónicos ou telemáticos sempre que estes permitan a súa lectura, impresión e conservación, e respondan os requisitos e características legais, establecidas no Regulamento do Servizo de Atención ao Cliente de ABANCA Vida y Pensiones de Seguros y Reaseguros, S.A.-Unipersonal- ou de ABANCA Corporación Bancaria S.A, segundo se trate.

Unha vez obtida a resolución e esgotada a vía de reclamación perante o Servizo de Atención ao Cliente, en caso de manter a súa desconformidade co resultado do pronunciamento ou habendo transcorridos dous meses desde a data de recepción sen que ese servizo resolva, poderá o reclamante presentar a súa reclamación perante o Servizo de Reclamacións da Dirección General de Seguros y Planes de Pensiones en Paseo de la Castellana, 44, 28046 Madrid, fax 91 339 7113, cuxas decisións, no entanto, non son vinculantes. Igualmente, poderá sometelas aos xulgados e tribunais competentes.

En todas as oficinas da entidade depositaria abertas ao público e na súa páxina web, os seus clientes, usuarios ou prexudicados, atoparán á súa disposición o Regulamento para a defensa do cliente correspondente, que regula a actividade e o funcionamento do servizo de atención ao cliente e as características e requisitos de presentación e resolución de queixas e reclamacións.

Nas resolucións teranse en conta as obrigacións e dereitos establecidos na normativa reguladora dos plans e fondos de pensións e a normativa de transparencia e protección dos clientes de servizos financeiros (Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de plans e fondos de pensións, Lei de reforma do sistema financeiro, Lei de Institucións de investimento colectivo, RD 303/2004 do 20-02 e Orde ECO 734/2004 do 11-03, Lei e Regulamento para a defensa de consumidores e usuarios, Lei de condicións xerais da contratación)..

Disposición adicional única.-

Durante a duración do contrato de xestión do Plan de pensións para o persoal da Deputación provincial adxudicado a ABANCA Vida y Pensiones de Seguros y Reaseguros, S.A.-Unipersonal S.A., como entidade xestora, e a ABANCA Corporación Bancaria S.A, como entidade depositaria, aprobado por acordo plenario do 30/12/2002 desta Deputación Provincial da Coruña, e de acordo co establecido no artigo 15.c) destas especificacións, en caso de cesamento definitivo da relación funcionarial ou laboral, o plan de pensións destinatario da mobilización, no caso de que o partícipe non lle comunique á xestora do plan ao que o quere mobilizar, será ABANCA MIXTO 30, plan de pensións.

Disposición transitoria única.-

O pago das achegas da promotora, mencionadas no artigo 21.3 destas especificacións, e referentes á achega inicial correspondente ao exercicio 2002 [artigo 21.3.a)] e á achega regular anual [artigo 21.3.b)] correspondente ao exercicio 2003, realizarase dentro do primeiro semestre do exercicio 2003, e en relación coas persoas partícipes pertencentes ao Colectivo A do plan (persoal funcionario de carreira e persoal laboral fixo do cadro de persoal) que se atopen en activo o 31 de decembro do ano 2002 e manifestasen a súa vontade de adhesión ao plan de pensións desde a súa constitución."

10.-INFORME DO PRESIDENTE DA COMISIÓN SOBRE OS CONTRATOS MENORES ADXUDICADOS NO PERÍODO 1 DE XANEIRO A 30 DE ABRIL DE 2017.

O Pleno toma coñecemento do seguinte:

Conforme o disposto no artigo 8 da Lei 19/2013 de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, faise pública a relación de contratos menores adxudicados, durante o período comprendido entre o 1 e o 31 de xaneiro de 2017

CONTRATOS MENORES
NON SE ADXUDICOU NINGÚN CONTRATO MENOR

Conforme o disposto no artigo 8 da Lei 19/2013 de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, faise pública a relación de contratos menores adxudicados, durante o período comprendido entre o 1 e o 28 de febreiro de 2017

CONTRATOS MENORES CON PUBLICACIÓN PREVIA NO PERFIL DO CONTRATANTE PARA PRESENTACIÓN ABERTA DE OFERTAS						
EXPEDIENTE	**PRESUPOSTO DE LICITACIÓN (IVE INCLUÍDO) €**	**PREZO ADXUDICACIÓN (IVE INCLUÍDO) €**	**ADXUDICATARIO**	**NIF**	**DATA ADXUDICACIÓN**	**DATA PUBLICACIÓN**
SUBMINISTRACIÓN DE SEIS LICENZAS CITRIX XENAPP PLATINUM EDITION	3.775,20 €	3.622,74 €	OZONA CONSULTING S.L.	B15834872	02/02/2017	07/12/2016

CONTRATOS MENORES CON PUBLICACIÓN PREVIA NO PERFIL DO CONTRATANTE PARA PRESENTACIÓN ABERTA DE OFERTAS						
EXPEDIENTE	**PRESUPOSTO DE LICITACIÓN (IVE INCLUÍDO) €**	**PREZO ADXUDICACIÓN (IVE INCLUÍDO) €**	**ADXUDICATARIO**	**NIF**	**DATA ADXUDICACIÓN**	**DATA PUBLICACIÓN**
SUBSCRICIÓN POR UN ANO DE DÚAS LICENZAS ADOBE CREATIVE CLOUD TEAM ALL APPS MULTIPLE PLATFORMS	2.461,34 €	2.115,40 €	EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS S.L.	B70240320	13/02/2017	27/12/2016
REALIZACIÓN DE 6 TALLERES TEMÁTICOS NA BIBLIOTECA PROVINCIAL: ENTROIDO, DIA DO LIBRO, DÍA DAS LETRAS GALEGAS, DIA DA BIBLIOTECA, SAMAÍN E NADAL	1.815,00 €	1.400,00 €	MARÍA ANGELES GALÁN GONZÁLEZ	32413744M	24/02/2017	18/01/2017
REALIZACIÓN DUN CURSIÑO DE INGLÉS NA BIBLIOTECA PROVINCIAL DENOMINADO “O INGLÉS DE ANDAR POLA CASA”	7.114,80 €	5.700,00 €	ELISABETH MARGARETHA HAMER TWILT	32768751F	24/02/2017	18/01/2017
REALIZACIÓN DE TALLERES DE LITERATURA NA BIBLIOTECA PROVINCIAL	4.767,40 €	3.840,00 €	PATRICIA CERNADAS NOVO	34894228P	24/02/2017	23/01/2017

CONTRATOS MENORES SEN PUBLICACIÓN PREVIA NO PERFIL DO CONTRATANTE					
EXPEDIENTE	**PRESUPOSTO DE LICITACIÓN (IVE INCLUÍDO) €**	**PREZO ADXUDICACIÓN (IVE INCLUÍDO) €**	**ADXUDICATARIO**	**NIF**	**DATA ADXUDICACIÓN**
CONTRATACIÓN DUNHA CASETA PARA A PARTICIPACIÓN DESTA DEPUTACIÓN EN XANTAR, 18º SALÓN INTERNACIONAL DE TURISMO GASTRONÓMICO DE OURENSE	7.351,52 €	7.351,52 €	FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE	G32164956	01/02/2017
CONTRATACIÓN DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN DE RECUPERACIÓN E DIGNIFICACIÓN DA MEMORIA DOS MEMBROS DAS CORPORACIÓNS DEMOCRÁTICAS DOS CONCELLOS CORUÑESES QUE PADECERON A REPRESIÓN FRANQUISTA	18.150,00 €	18.150,00 €	UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	Q1518001A	15/02/2017
SERVIZOS DE COMISARIADO DO II CONCURSO MUSICAL INFANTIL “QUERO CANTAR”	7.100,00 €	7.100,00 €	XOSÉ ANTONIO FORMOSO LADO	78794946M	24/02/2017

Conforme o disposto no artigo 8 da Lei 19/2013 de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, faise pública a relación de contratos menores adxudicados, durante o período comprendido entre o 1 e o 31 de marzo de 2017

CONTRATOS MENORES CON PUBLICACIÓN PREVIA NO PERFIL DO CONTRATANTE PARA PRESENTACIÓN ABERTA DE OFERTAS						
EXPEDIENTE	**PRESUPOSTO DE LICITACIÓN (IVE INCLUÍDO) €**	**PREZO ADXUDICACIÓN (IVE INCLUÍDO) €**	**ADXUDICATARIO**	**NIF**	**DATA ADXUDICACIÓN**	**DATA PUBLICACIÓN**
Contrato menor para realizar catro talleres de lectura na Biblioteca Provincial	4.767,40	3.840,00	PATRICIA CERNADAS NOVO	34894228P	02/03/2017	23/01/2017
CONTRATO MENOR PARA REALIZAR CONFERENCIAS DE ARTE NA BIBLIOTECA PROVINCIAL	2.662,00	2.040,00	MARIA LUISA VALDÉS AGUIRRE	32747137J	10/03/2017	18/01/2017

CONTRATOS MENORES SEN PUBLICACIÓN PREVIA NO PERFIL DO CONTRATANTE					
EXPEDIENTE	**PRESUPOSTO DE LICITACIÓN (IVE INCLUÍDO) €**	**PREZO ADXUDICACIÓN (IVE INCLUÍDO) €**	**ADXUDICATARIO**	**NIF**	**DATA ADXUDICACIÓN**
SETE REPRESENTACIÓNS DA OBRA ”SOÑO DUNHA NOITE DE VERÁN” DA COMPAÑÍA VOADORA NOS CONCELLOS DE NOIA, OLEIROS E RIANXO.	17.970,00	17.970,00	Compañía Voadora, de Marta Pazos Antas,	44086319B	06/03/2017

CONTRATOS MENORES SEN PUBLICACIÓN PREVIA NO PERFIL DO CONTRATANTE					
EXPEDIENTE	**PRESUPOSTO DE LICITACIÓN (IVE INCLUÍDO) €**	**PREZO ADXUDICACIÓN (IVE INCLUÍDO) €**	**ADXUDICATARIO**	**NIF**	**DATA ADXUDICACIÓN**
TRES REPRESENTACIÓNS DA OBRA "A CABEZA DO DRAGÓN" NOS CONCELLOS DE AMES, CARIÑO E A POBRA DO CARAMIÑAL	21.126,00	21.126,00	Compañía Producións Teatrais Excéntricas S.L,	B15928377	14/03/2017
CINCO PROXECCCIÓNS DA PELÍCULA "VIDA", DA PRODUTORA CLAQUETA COQUETA, NOS CONCELLOS DE BOQUEIXÓN, VEDRA, PADRÓN, RIBEIRA E SADA	8.999,31	8.999,31	Claqueta Coqueta S.L	B70154307	14/03/2017
SERVIZO DE DIFUSIÓN DAS ACTIVIDADES E INVESTIMENTOS DESENVOLVIDOS EN DIFERENTES ÁMBITOS COMPETENCIAIS POLA DEPUTACIÓN DA CORUÑA NOS MUNICIPIOS DA PROVINCIA E RESALTAR O POTENCIAL ECONÓMICO E TURÍSTICO DESTES NA CADEA CORREO TV	11.000,00	11.000,00	Código Televisión, S.L. (Correo TV)	B15948581	27/03/2017
RENOVACIÓN DA SUBSCRICIÓN A REVISTA OBSERVATORIO LOCAL: IDEAS GLOBAIS PARA O GOBERNO LOCAL, PARA A DEPUTACIÓN E CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA	4.201,65	4.201,65	Observatorio de Ideas S.L	B65855868	27/03/2017

CONTRATOS MENORES SEN PUBLICACIÓN PREVIA NO PERFIL DO CONTRATANTE					
EXPEDIENTE	**PRESUPOSTO DE LICITACIÓN (IVE INCLUÍDO) €**	**PREZO ADXUDICACIÓN (IVE INCLUÍDO) €**	**ADXUDICATARIO**	**NIF**	**DATA ADXUDICACIÓN**
SERVIZO XERAL DE INFORMACIÓN SOBRE ACONTECEMENTOS A NIVEL LOCAL, PROVINCIAL, AUTONÓMICO E NACIONAL DE NOTICIAS E UN SERVIZO DE ALERTAS A TRAVÉS DA AXENCIA EFE E QUE RECOLLA TAMÉN A ACTUALIDADE INSTITUCIONAL DESTA DEPUTACIÓN	10.505,00	10.505,00	Agencia EFE, S.A.	A28028744	28/03/2017
SERVIZO XERAL DE INFORMACIÓN SOBRE ACONTECEMENTOS A NIVEL LOCAL, PROVINCIAL, AUTONÓMICO E NACIONAL DE NOTICIAS E SERVIZO DE ALERTAS A TRAVÉS DA AXENCIA DE NOTICIAS EUROPA PRESS E QUE RECOLLA TAMÉN A ACTUALIDADE INSTITUCIONAL DESTA DEPUTACIÓN	11.000,00	11.000,00	Europa Press Delegaciones, S.A.	A41606534	31/03/2017

Conforme o disposto no artigo 8 da Lei 19/2013 de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, faise pública a relación de contratos menores adxudicados, durante o período comprendido entre o 1 e o 30 de abril de 2017

CONTRATOS MENORES CON PUBLICACIÓN PREVIA NO PERFIL DO CONTRATANTE PARA PRESENTACIÓN ABERTA DE OFERTAS						
EXPEDIENTE	**PRESUPOSTO DE LICITACIÓN (IVE INCLUÍDO) €**	**PREZO ADXUDICACIÓN (IVE INCLUÍDO) €**	**ADXUDICATARIO**	**NIF**	**DATA ADXUDICACIÓN**	**DATA PUBLICACIÓN**
SUBMINISTRACIÓN DE VESTIARIO DESTINADO Á ACTUACIÓN DE FIN DE CURSO DO CONSERVATORIO DE DANZA (2017)	5.700,00		DESERTO			24/03/2017
CONTRATO MENOR PARA A REALIZACIÓN DE TALLERES DE DESEÑO E IMPRESIÓN 3D PARA NENOS NA BIBLIOTECA PROVINCIAL	1.270,50	1.014,00	ARKITAS ROBÓTICA,SL.	B-70427380	25/04/2017	09/03/2017
CONTRATO MENOR PARA REALIZAR 7 TALLERES DE PINTURA "ARTE PARA NENOS" NA BIBLIOTECA PROVINCIAL	3.339,60	2.640,00	MARIA LUISA VALDÉS AGUIRRE	32747137J	25/04/2017	09/03/2017
CONTRATO MENOR PARA REALIZAR CATRO TALLERES ANIMADOS PARA NENOS NA BIBLIOTECA PROVINCIAL	1.149,50	859,10	CAMPA FORMACIÓN E INTERVENCIÓN SOCIOEDUCATIVA,SL.	B-15666944	25/04/2017	09/03/2017
CONTRATO MENOR RELATIVO Á CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE ENMARCACIÓN DE 28 CUADROS DO PATRIMONIO PROVINCIAL	1.900,00	1.720,58	RONSEL DE IDEAS, S.L.		07/04/2017	28/03/2017
Contrato menor de servizo de apoio á preparación de proposta para a convocatoria Emprega Verde 2017	3.617,90	2.420,00	MEDATLANTIA CONSULTORÍA EUROPEA, S. COOP GALEGA	F70442058	28/04/2017	25/04/2017

CONTRATOS MENORES SEN PUBLICACIÓN PREVIA NO PERFIL DO CONTRATANTE					
EXPEDIENTE	**PRESUPOSTO DE LICITACIÓN (IVE INCLUÍDO) €**	**PREZO ADXUDICACIÓN (IVE INCLUÍDO) €**	**ADXUDICATARIO**	**NIF**	**DATA ADXUDICACIÓN**
SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA-XURÍDICA EN MATERIA DE REXISTRO DE MARCA E LOGOTIPO PEL NO MARCO DO PROGRAMA DE EMPREGO LOCAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA	907,50	907,50	ALCAZAR PATENTES Y MARCAS, S.L.	B-15773559	06/04/2017
SERVIZO DE DIFUSIÓN DAS ACTIVIDADES E INVESTIMENTOS DESENVOLVIDOS EN DIFERENTES ÁMBITOS COMPETENCIAIS POLA DEPUTACIÓN DA CORUÑA NA COMARCA DO BARBANZA E RESALTAR O POTENCIAL ECONÓMICO E TURÍSTICO DESTA NA CADEA "CANAL RÍAS BAIXAS"	10.680,00	10.680,00	Televisión da Mancomunidade do Salnés, S.L.	B36223600	07/04/2017
SERVIZO DE DIFUSIÓN DAS ACTIVIDADES E INVESTIMENTOS DESENVOLVIDOS EN DIFERENTES ÁMBITOS COMPETENCIAIS POLA DEPUTACIÓN DA CORUÑA NOS MUNICIPIOS DA PROVINCIA E RESALTAR O POTENCIAL ECONÓMICO E TURÍSTICO DESTES NA CADEA DE EMISORAS ONDA CERO RADIO	12.550,00	12.550,00	Onda Cero Radio (Uniprex, S.A.U.)	A28782936	19/04/2017
SERVIZO DE SOPORTE DE NIVEL 2 SOBRE GINPIX 7 PARA 75 CONCELLOS DA PROVINCIA	19.662,50	19.662,50	Soluciones Avanzadas en Informática Aplicada, SL (SAVIA)	B80004732	21/04/2017

CONTRATOS MENORES SEN PUBLICACIÓN PREVIA NO PERFIL DO CONTRATANTE					
EXPEDIENTE	**PRESUPOSTO DE LICITACIÓN (IVE INCLUÍDO) €**	**PREZO ADXUDICACIÓN (IVE INCLUÍDO) €**	**ADXUDICATARIO**	**NIF**	**DATA ADXUDICACIÓN**
SERVIZO DE DIFUSIÓN DAS ACTIVIDADES E INVESTIMENTOS DESENVOLVIDOS EN DIFERENTES ÁMBITOS COMPETENCIAIS POLA DEPUTACIÓN DA CORUÑA NA COMARCA DO BARBANZA E RESALTAR O POTENCIAL ECONÓMICO E TURÍSTICO DESTA NA CADEA "CANAL BARBANZA"	10.850,00	10.850,00	Eventos Insuela, S.L.	B70369756	21/04/2017
STAND PARA A PARTICIPACIÓN DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA NA FEIRA TURÍSTICA B-TRAVEL-2017	4.826,40	4.826,40	FIRA INTERNACIONAL DE BARCELONA, S.L, CIF	Q-0873006A	21/04/2017
SERVIZO DE DIFUSIÓN DAS ACTIVIDADES E INVESTIMENTOS DESENVOLVIDOS EN DIFERENTES ÁMBITOS COMPETENCIAIS POLA DEPUTACIÓN DA CORUÑA NOS MUNICIPIOS DA PROVINCIA E RESALTAR O POTENCIAL ECONÓMICO E TURÍSTICO DESTES NA CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.	15.000,00	15.000,00	Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.	A15073349	26/04/2017

11.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DOS PROXECTOS PROMOVIDOS POLO CONCELLO DE MUGARDOS, NO MARCO DA 1ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE MEDIO AMBIENTE (PMA) 2016.

Modificar o Plan provincial de medio ambiente 2016, cuxa 1ª fase foi aprobada en sesión do Pleno corporativo do 28.10.2016, no sentido de deixar sen efecto a seguinte actuación:

CONCELLO	EXPTE	ACTUACIÓN	FINANCIAMENTO			CONDICIÓNS
			DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL	
Mugardos	2016000009010	Substitución dos sistemas actuais de calefacción no Centro Cívico Municipal para mellora da eficiencia enerxética	15.999,20	0,00	15.999,20	

no sentido seguinte:

a) Deixar sen efecto o proxecto de "Substitución dos sistemas actuais de calefacción no Centro Cívico Municipal para mellora da eficiencia enerxética", e anular a achega provincial de 15.999,20 €, recollida nos seguintes documentos contables:

Nº OPERACIÓN	FASE	DATA	REFERENCIA	PARTIDA	IMPORTE	EXPTE
220160044068	RC	8.02.2017	22016008467	0520/17221/76201	10.999,20	2016000009010
220160046316	AD	8.02.2017	22016008467		10.999,20	

b) Substituír o proxecto inicial polo de "Substitución de sistemas actuais de calefacción no Centro Sociocultural Casas Baratas para a mellora da eficiencia enerxética", cuxo cadro de financiamento é o seguinte:

CONCELLO	EXPTE	ACTUACIÓN	FINANCIAMENTO			CONDICIÓNS
			DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL	
Mugardos	2017000009727	Substitución dos sistemas actuais de calefacción no Centro Sociocultural Casas Baratas para mellora da eficiencia enerxética	15.999,20	0,00	15.999,20	

c) Emitir os documentos contables do novo proxecto en substitución dos anteriores con cargo á partida 0520/17221/76201, do orzamento provincial para o 2017.

12.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DOS PROXECTOS PROMOVIDOS POLO CONCELLO DE OROSO, NO MARCO DA 1ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE MEDIO AMBIENTE (PMA) 2016.

Modificar o Plan provincial de medio ambiente 2016, cuxa 1ª fase foi aprobada en sesión do Pleno corporativo do 28.10.2016, no sentido de deixar sen efecto a seguinte actuación:

CONCELLO	EXPTE	ACTUACIÓN	FINANCIAMENTO			CONDICIÓNS
			DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL	
Oroso	2016000008936	Acondicionamento do paseo fluvial e mellora da marxe do Río Tambre, no Concello de Oroso	45.287,95	0,00	45.287,95	- Acreditar a dispoñibili-dade dos terreos - Informe do Organismo de Conca Hidrolóxica - Autorización de Augas de Galicia

no sentido seguinte:

a) Deixar sen efecto o proxecto de "Acondicionamento do paseo fluvial e mellora da marxe do Río Tambre, no Concello de Oroso", e anular a achega provincial de 45.287,95 €, recollida nos seguintes documentos contables:

Nº OPERACIÓN	FASE	DATA	REFERENCIA	PARTIDA	IMPORTE	EXPTE
220160044081	RC	8.02.2017	22016008479	0520/17221/76201	45.287,95	2016000008936
220160046325	AD	8.02.2017	22016008479		45.287,95	

b) Substituír o proxecto inicial polo de "Adquisición de tractor para a brigada de medio ambiente", cuxo cadro de financiamento é o seguinte:

CONCELLO	EXPTE	ACTUACIÓN	FINANCIAMENTO			CONDICIÓNS
			DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL	
Oroso	2017000006644	Adquisición de tractor para a brigada de medio ambiente	45.287,95	23.682,05	68.970,00	

c) Emitir os documentos contables do novo proxecto en substitución dos anteriores con cargo á partida 0520/17221/76201, do orzamento provincial para o 2017.

13.-APROBACIÓN DA TERCEIRA FASE DO PLAN DE SENDAS PEONÍS 2017.

1.- Aprobar o Plan de SENDAS PEONÍS 2017 TERCEIRA FASE cun orzamento total de 240.620,78.- euros, con cargo á aplicación 0410/4535/60900 que se detalla:

CODIGO	**DENOMINACÓN**	**CONCELLO**	**PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4535/60900**
1711700003.0	SENDAS PEONÍS NA DP 6801 DE CAMPARA A CORME POR BRANTUAS PQ 0+000 A PK 0+210 E NA DP 6804, CORME AO RONCUDO PQ 0+000 Ó PQ 0+370	PONTECESO	240.620,78
		TOTAL	240.620,78

2.- Expoñer ao público os proxectos mediante anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal, sen que estas se produzan, considerararanse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe

14.-APROBACIÓN DO PLAN DE INVESTIMENTOS EN VÍAS PROVINCIAIS 2017, TERCEIRA FASE E INICIO DOS TRÁMITES PARA A EXPROPIACIÓN DOS BENS E DEREITOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS.

1.- Aprobar o Plan de INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2017 TERCEIRA FASE cun orzamento total de 411.593,91 euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

CODIGO	**DENOMINACÓN**	**CONCELLO**	**PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4531/60900**
1711100007.0	MELLORA DE CAPA DE RODADURA CON MESTURA BITUMINOSA EN QUENTE DP 2302 HOSPITAL A BRENS PQ 0+000 Ó 2+100 E PQ 5+150 A 8+800	CEE E DUMBRÍA	364.895,86
1711100008.0	AMPLIACION DA CURVA NA DP 5002 PILADELEÑA A LAGARES PQ 4+970	MONFERO	46.698,05
		TOTAL	411.593,91

2.- Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución das obras:

411.593,91 .- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

CODIGO	**DENOMINACÓN**	**CONCELLO**	**VALOR DE EXPROPIACIÓN (0620/4531/600)**
1711100008.0	AMPLIACION DA CURVA NA DP 5002 PILADELEÑA A LAGARES PK 4+970	MONFERO	1217,09
		TOTAL	1.217,09

3.- Expoñer ao público os proxectos mediante o anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal, sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.

4.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.

15.-APROBACIÓN DA INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES A QUE SE REFIRE O REAL DECRETO 635/2014, DO 25 DE XULLO, CORRESPONDENTE AO MES DE ABRIL DE 2017 E RELACIÓN DETALLADA DE TODAS AS FACTURAS PAGADAS POLA DEPUTACIÓN E POLO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA ENTRE O 1 E O 30 DE ABRIL DE 2017.

1.- Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación provincial e no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña do mes de abril de 2017.

2.- Tomar coñecemento, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial e polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 30 de abril de 2017.

3.- Unha vez remitida a información que proceda ao Ministerio de Facenda e administracións públicas, acórdase a publicación desta na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña.

16.-APROBACIÓN DO INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA A 30/04/2017 E PROXECCIÓN A 31/12/2017.

1.- Tomar coñecemento da información sobre a xestión orzamentaria a 30 de abril de 2017, que formula a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, adscrito á Intervención provincial.

2.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

3.- Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2017, aínda que as previsións actuais permiten estimar o incumprimento da Regra do Gasto, porque se trata de estimacións previas e porque a orixe do posible incumprimento é o financiamento de novos gastos con Remanente de Tesourería do exercicio 2016 que ten a natureza de recurso financeiro propio e que ten un fundamento contable real e efectivo.

4.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.

17.-DAR CONTA DA ACTA DA COMISIÓN LIQUIDADORA DOS ESTADOS CONTABLES PROCEDENTES DA RECADACIÓN DO EXERCICIO 2015.

Esta comisión, á vista da acta de inspección emitida polos integrantes da comisión liquidadora, toma de coñecemento do contido da acta da comisión conxunta intervención-recadación sobre as actuacións de investigación dos valores de xestión de cobro nas zonas recadatorias correspondentes ao exercicio 2015.

18.-APROBACIÓN DA CONTA INTEGRADA DA XESTIÓN RECADATORIA DOS RECURSOS DOUTROS ENTES PÚBLICOS E RECURSOS PROPIOS DO EXERCICIO 2016.

Aprobar a Conta Integrada relativa á xestión recadatoria dos recursos doutros entes públicos e dos recursos propios correspondente ao exercicio 2016.

19.-APROBACIÓN DA POLÍTICA DE SEGURIDADE DA INFORMACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

Aprobar a política de seguridade da información da Deputación Provincial da Coruña que é do seguinte teor literal:

"**1. Introdución**

Este documento constitúe a Política de Seguridade da Información da Deputación Provincial da Coruña, en diante "A Deputación", en cumprimento do artigo 11 (Requisitos mínimos de seguridade do Real decreto 3/2010 do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica) e da medida de seguridade org.1 contemplada no anexo II do devandito Real decreto.

Neste sentido, o mencionado artigo 11 establece que "Todos os órganos superiores das Administracións públicas deberán dispor formalmente da súa política de seguridade, que será aprobada polo titular do órgano superior correspondente."

A estrutura deste documento segue as pautas establecidas pola guía CCN-STIC-805 (publicada polo Centro Criptolóxico Nacional, ente adscrito ao Centro Nacional de Intelixencia) para a redacción da Política de Seguridade no ámbito do Esquema Nacional de Seguridade.

A Política de Seguridade da Información recolle a postura da Deputación en canto á seguridade da información e establece os criterios xerais que deben rexer a actividade do organismo en canto á seguridade.

O obxectivo da seguridade da información é garantir a calidade da información e a prestación continuada dos servizos, actuando preventivamente, supervisando a actividade diaria e reaccionando con presteza aos incidentes.

Os sistemas de información deben estar protexidos contra ameazas de rápida evolución con potencial para incidir na dispoñibilidade, integridade, confidencialidade, autenticidade, trazabilidade, uso previsto e valor da información e os servizos. Para defenderse destas ameazas, requírese unha estratexia que se adapte aos cambios nas condicións da contorna para garantir a prestación continua dos servizos.

Isto implica que se deben aplicar as medidas de seguridade esixidas polo Esquema Nacional de Seguridade e a Lei orgánica de protección de datos (en diante ENS e LOPD), así como realizar un seguimento continuo dos niveis de prestación de servizos, seguir e analizar as vulnerabilidades reportadas, e preparar unha resposta efectiva aos incidentes para garantir a continuidade dos servizos prestados.

2. Misión da Deputación da Coruña

A Deputación da Coruña é unha institución de goberno local que promove o desenvolvemento e o benestar da cidadanía nos municipios que compoñen a provincia da Coruña. Actúa prestando servizos directamente aos cidadáns e sobre todo en cooperación cos concellos. A Deputación, ten como misión a asistencia técnica, económica e material aos concellos para que poidan prestar servizos locais de calidade de forma homoxénea en toda a provincia, coordinando servizos e organizando servizos públicos de carácter supramunicipal.

3. Marco Normativo

A normativa a que está sometida a Deputación da Coruña, máis relacionada coa súa actividade, recóllese a continuación (por orde cronolóxica ascendente):

- Lei 7/85 reguladora das bases de réxime local.
- Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.
- Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o esquema nacional de seguridade no ámbito da administración electrónica.
- Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o esquema nacional de interoperabilidade no ámbito da administración electrónica.
- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Lei 27/2013 de racionalización e sustentabilidade da administración local.
- Orde HAP/2425/2013, do 23 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2014.
- Real decreto-lei 8/2014, do 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.
- Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

4. Política Xeral de Seguridade

O obxecto da presente política é establecer a postura da Deputación respecto da seguridade que afecta os procesos relacionados co desempeño das súas funcións e, moi particularmente, cos relacionados coa administración electrónica, tanto

desde o punto de vista das persoas usuarias dos servizos, como desde o punto de vista interno, para a xestión da propia entidade.

A Deputación utiliza as tecnoloxías da información e as comunicacións para prestar os seus servizos, polo que é consciente de que estes sistemas deben ser administrados con dilixencia, tomando as medidas adecuadas para protexelos fronte a danos accidentais ou deliberados.

Así mesmo, tamén é consciente de que os incidentes de seguridade poden estar provocados desde lugares remotos, a través das conexións a redes de comunicacións das que se dispón e, moi concretamente, a través das conexións á internet (cíber-ataques).

O fin da política é contrarrestar as ameazas mencionadas anteriormente cos medios suficientes, dentro das posibilidades orzamentarias. Para este fin, establecerase unha estrutura de seguridade, xunto cos mecanismos apropiados para a súa xestión, e un conxunto de instrumentos de apoio de forma que se garanta:

• o cumprimento dos obxectivos da súa misión e de prestación de servizos
• o cumprimento da lexislación e normativa aplicables

Para iso,

• preveranse e despregarán medidas para evitar incidentes de seguridade que puidesen afectar o cumprimento de obxectivos ou poñer en risco a información.
• deseñaranse medidas de resposta ante incidentes de seguridade, física ou lóxica, de forma que se minimice o seu impacto, no caso de que ocorresen.

Como norma xeral, terase un enfoque de orientación ao risco á hora de deseñar as medidas de seguridade necesarias, poñendo máis foco e esforzo na mitigación do que supoña un maior risco.

As distintas unidades baixo cuxa responsabilidade están os servizos prestados deberán contemplar a seguridade desde o mesmo momento en que se concibe un novo sistema ou servizo, aplicando para estes e para os xa existentes, as medidas de seguridade prescritas polo esquema nacional de seguridade para garantir a dispoñibilidade, confidencialidade, integridade, autenticidade e trazabilidade dos servizos e da información.

Os requisitos de seguridade dos sistemas, as necesidades e requisitos de formación dos usuarios, e as necesidades de financiamento deben ser identificados e incluídos na planificación dos sistemas e nos pregos de prescricións utilizados para a realización de proxectos que involucren ás tecnoloxías da información e comunicacións (TIC).

Débense articular mecanismos de prevención, reacción e recuperación con obxecto de minimizar o impacto dos incidentes de seguridade.

En canto á prevención, débese evitar que os servizos e a información resulten afectados por un incidente de seguridade. Para iso, a Deputación implementará as

medidas de seguridade establecidas no anexo II do ENS, así como medidas adicionais que puidesen ser identificadas o proceso de análise de riscos.

En canto á reacción, estableceranse mecanismos de detección, comunicación e xestión de incidentes de seguridade, de forma que calquera incidente poida ser tratado no menor prazo posible. Sempre que sexa posible, detectaranse de forma automática os incidentes de seguridade, utilizando elementos de monitorización dos servizos ou de detección de anomalías e poñendo en marcha os procedementos de resposta ao incidente no menor prazo posible. Para os incidentes detectados polas persoas usuarias, xa sexan internos ou externos, estableceranse as pertinentes canles de comunicación de incidentes.

En canto á recuperación, para aqueles servizos que se consideren críticos, en base á valoración que deles realicen os seus responsables, deberanse desenvolver plans que permitan a continuidade dos devanditos servizos no caso de que, por mor dun incidente de seguridade, quedasen indispoñibles.

5. Alcance

Esta política de seguridade é de aplicación a todos os servizos prestados pola Deputación así como a todo o persoal, sen excepcións.

6. Organización da seguridade

A seguridade na Deputación está soportada sobre as estruturas e roles que se describen a continuación:

- Estrutura de especificación, que é a que se encarga de establecer os requisitos de seguridade asociados aos servizos prestados.
- Estrutura de supervisión, que é a que se encarga de verificar o cumprimento dos requisitos de seguridade e o aliñamento continuo cos obxectivos da organización.
- Estrutura de operación, que se encarga de implantar as medidas de seguridade identificadas.

6.1 Estrutura de especificación

Esta estrutura é a encargada de determinar os requisitos de seguridade que serán de aplicación aos servizos prestados pola Deputación e a garantir o cumprimento normativo asociado que lle é de aplicación, en concreto o Real decreto 3/2010 do 8 de xaneiro polo que se regula o esquema nacional de seguridade.

Forman parte desta estrutura:

- A Presidencia da Deputación.
- Os responsables dos diferentes Servizos da Deputación.
- O Comité de Seguridade.

6.2 Estrutura de supervisión

A estrutura de supervisión da seguridade encárgase de verificar a correcta implantación e operación dos requisitos de seguridade que se estableceron, de cara a manter a aliñación cos obxectivos e de cumprir coas normas e lexislación aplicable.

Na supervisión global de todas as actividades relativas á seguridade da información está o responsable de seguridade da información.

Na supervisión global das actividades relativas á seguridade física está o responsable de seguridade física.

Para a coordinación global e integral da seguridade está o Comité de Seguridade.

As funcións e responsabilidades de cada unha das figuras descríbense a continuación:

6.2.1 Responsable de Seguridade da Información

É responsable da definición, coordinación, difusión e verificación dos requisitos de seguridade da información na Deputación.

Este responsable forma parte do Comité de Seguridade e, por tanto, é o encargado de elevar ao devandito Comité os asuntos de interese relacionados coa seguridade da información.

As súas responsabilidades comprenden:

- Coordinar e controlar as medidas de seguridade da información e de protección de datos da Deputación.
- Supervisar a implantación, manter, controlar e verificar o cumprimento das normas e procedementos establecidos.
- Conseguir que se elabore o presuposto anual de seguridade de tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) da Deputación.
- Definir un modelo de xestión da seguridade aliñado coa estratexia da Deputación en materia de seguridade. A este modelo de xestión chamaráselle SXSI (Sistema de Xestión de Seguridade da Información), independentemente de que estea baseado nas normas internacionais que recomendan como facelo, ou se trate dun modelo diferente.
- Supervisar a implantación práctica da estratexia de seguridade da información da Deputación.
- Supervisar as situacións excepcionais (ou incidentes) de ciberseguridade producidas na Deputación.
- Promover a realización de análise de riscos de seguridade da información de forma periódica.
- Promover e coordinar a realización de programas de formación e sensibilización en materia de seguridade da información.
- Analizar os indicadores de seguridade para medir a eficacia e eficiencia das medidas implantadas.
- Analizar os incidentes de seguridade da información reflectidos nos rexistros destes e verificar que se estableceron os plans para a súa resolución.

- Manter actualizada a documentación asociada á xestión da seguridade da información: normativas, procedementos e rexistros.
- Autorizar por escrito a execución de procedementos de recuperación de datos nos casos en que se requira.
- Colaborar coas auditorías externas/internas en materia de seguridade da información, revisalas e encargar aos responsables dos sistemas a implantación das correccións que se deriven.

Desempeñará o cargo de responsable de seguridade da información o xefe de Servizo de Informática e Administración Electrónica.

6.2.2 Responsable de Seguridade Física

É responsable da definición, coordinación, difusión e verificación dos requisitos de seguridade física das instalacións onde se aloxen os sistemas de información.

Este responsable forma parte do Comité de Seguridade e, por tanto, é o encargado de elevar ao devandito Comité os asuntos de interese relacionados coa seguridade física dos locais e as infraestruturas, designados como críticos.

As súas responsabilidades comprenden:

- Identificación de necesidades de seguridade física.
- Conseguir a elaboración dun orzamento anual de investimentos e actuacións en seguridade física.
- Supervisar a instalación e o mantemento posterior dos elementos e servizos destinados á seguridade física.
- Analizar os incidentes de seguridade física que se poidan producir e establecer actuacións para dar resposta a estes.
- Manter actualizada a documentación asociada á xestión da física: normativas, procedementos e rexistros.

Desempeñará o cargo de responsable de seguridade física o xefe de Servizo de Sistemas e Soporte.

6.2.3 Comité de Seguridade

A misión do Comité de Seguridade é a coordinación xeral das actividades que teñen relación coa seguridade integral.

Un obxectivo fundamental do Comité de Seguridade é a posta en común de aspectos importantes da seguridade entre todos os responsables. Con iso evitarase que actividades referentes á seguridade, que poidan afectar a varias ou todas as unidades da organización, queden sen o suficiente coñecemento por parte dos seus responsables, ou sen o suficiente apoio ou compromiso, prexudicando a eficacia.

As funcións do Comité de Seguridade son:

- Informar regularmente o estado da seguridade á Presidencia.
- Revisar regularmente a política de seguridade e propor cambios, se procede.

- Revisar as normativas internas de seguridade que se poidan derivar da política de seguridade e propolas para a súa aprobación.
- Elaborar e propor os requisitos de formación para a persoal clave que manexa información, sistemas e infraestruturas físicas.
- Propor para a súa aprobación os plans de mellora da seguridade que xurdan por mor das análises de riscos realizados.
- Seguir o desenvolvemento dos plans de acción aprobados.
- Coordinar as actuacións en materia de seguridade que se poidan estar a realizar en diferentes unidades da Deputación con obxecto de evitar esforzos duplicados ou desaliñados coa política de seguridade
- Analizar incidentes de seguridade significativos. Decidir que facer por mor deles. Algúns poden comportar unha actuación con gasto, nese caso proporíase para a súa aprobación.
- Analizar información de indicadores de seguridade que puidese haber definidos. Tomar decisións en caso de desviación respecto dos limiares establecidos.
- Propor solucións de seguridade que deban ter un orzamento aprobado.

Serán membros fixos do Comité de Seguridade:

- A Presidencia da Deputación
- O responsable de Seguridade da Información
- O responsable de Seguridade Física
- Os responsables dos diferentes Servizos da Deputación

Adicionalmente, poderán asistir ao Comité de Seguridade os responsables das materias específicas a tratar nas reunións, que poderán ser convidados en función do contido da axenda.

6.3 Estrutura de Operación

A estrutura de operación da seguridade debe asumir a administración operativa da seguridade dos sistemas de información, implantando nos devanditos sistemas as medidas necesarias para satisfacer os requisitos de seguridade establecidos pola estrutura de especificación.

Descríbense, a continuación, as funcións e responsabilidades das figuras asociadas á estrutura de operación.

6.3.1 Responsable dos Sistemas de Información

As súas funcións e responsabilidades son:

- Definir, en coordinación co responsable de seguridade da información, as especificacións funcionais de seguridade dos sistemas de información da Deputación.
- Garantir que no deseño de sistemas de información e redes de comunicacións se contemplen, desde o principio, os aspectos necesarios de seguridade da información en canto a dispoñibilidade, integridade, confidencialidade, autenticación, control de acceso, auditoría e rexistro.

- Revisar que a configuración de seguridade tras a instalación dun sistema novo é a adecuada (perfil inicial de seguridade. Bastionado).
- Revisar que a configuración de seguridade tras os cambios nun sistema segue sendo a adecuada.
- Verificar o funcionamento de mecanismos de control de acceso que eviten que un usuario acceda a datos ou recursos con dereitos distintos dos autorizados, sen que en ningún caso se poidan desactivar.
- Seguir os foros de vulnerabilidades e elaboración do calendario de aplicación de parches para os sistemas de información, en función dos que xurdan e o impacto que teñan na seguridade (os parches mesmos aplicaranos os administradores de sistemas).
- Implantar as medidas de seguridade que resulten dos plans de tratamento de riscos ou plans de accións correctivas por mor das auditorías de seguridade da información.
- Proporcionar datos para a alimentación de indicadores de seguridade da información.
- Supervisar os procedementos de copia de seguridade.
- Realizar auditorías técnicas periódicas da infraestrutura, sistemas e aplicacións.

Desempeñará o cargo de responsable dos Sistemas de Información o xefe de Servizo de Sistemas e Soporte.

7. Funcións e obrigacións

Á marxe das funcións e atribucións que atinxen ao persoal que integra o esquema organizativo responsable da seguridade, establécense a continuación as obrigacións do persoal da Deputación así como daqueles terceiros que teñan acceso aos seus sistemas de información.

7.1 Funcións e obrigacións do persoal

Todo o persoal da Deputación ten a obrigación de coñecer a política de seguridade e cumprila. O Comité de Seguridade disporá os medios para que esta política chegue aos afectados.

7.2 Funcións e obrigacións de terceiras partes

As terceiras partes (entidades externas á Deputación) que estean relacionadas coa xestión, mantemento ou explotación dos servizos prestados pola Deputación serán feitos partícipes desta política. As terceiras partes quedarán obrigadas ao cumprimento desta política e ás normativas que se poidan derivar dela.

As terceiras partes poderán desenvolver os seus propios procedementos operativos para satisfacer a política.

Deberanse establecer procedementos específicos de comunicación de incidencias para que os terceiros afectados poidan reportalas.

O persoal das terceiras partes deberá recibir sesións de concienciación, tal como se esixe para o persoal propio.

Cando algún aspecto desta política non poida ser satisfeito por unha terceira parte, o responsable de seguridade deberá realizar un informe do risco en que se incorre. Ese risco deberá ser aceptado polo Comité de Seguridade.

8. Formación e concienciación

Con carácter periódico, determinado polo Comité de Seguridade, a proposta do responsable de seguridade, realizarase unha acción de formación e concienciación en materia de seguridade.

O obxectivo da acción formativa e de concienciación é dobre:

- manter informado o persoal máis directamente relacionado co manexo de información e os sistemas que a tratan sobre os procedementos existentes de seguridade, riscos, medidas de protección, plans de protección, etc.
- concienciar o persoal en xeral da importancia da seguridade e dos procedementos básicos de manexo e intercambio de información.

O primeiro obxectivo asóciase a formación e o segundo a concienciación.

Realizarase unha sesión inicial de concienciación en materia de política de seguridade da información, á que deberá asistir todo o persoal da Deputación.

As persoas con responsabilidade no uso, a xestión, mantemento ou explotación dos servizos soportados nas TIC recibirán formación para o manexo seguro dos sistemas, na medida en que a necesiten para realizar o seu traballo. A formación será obrigatoria antes de asumir unha responsabilidade, tanto se é a súa primeira asignación ou se se trata dun cambio de posto de traballo ou de responsabilidades nel.

9. Xestión de riscos

Os servizos e infraestruturas baixo o alcance da presente política deberán estar sometidos a unha análise de riscos para orientar as medidas de protección para minimizar estes.

Como metodoloxía base para a realización das análises de riscos utilizarase Magerit, sendo esta metodoloxía a máis recomendable para o sector público nacional.

Utilizaranse, como punto de partida, o catálogo de ameazas de seguridade previsto na metodoloxía.
A análise realizarase:

- regularmente, unha vez ao ano.
- cando haxa cambios nos servizos esenciais prestados ou cambios significativos nas infraestruturas que os soportan.
- cando ocorra un incidente de seguridade grave.

- cando se identifiquen ameazas severas que non fosen tidas en conta ou vulnerabilidades graves que non estean contrarrestadas polas medidas de protección implantadas.

De acordo coa escala de riscos da metodoloxía MAGERIT (metodoloxía de análise e xestión de riscos elaborada polo Consello Superior de Administración Electrónica), o nivel de risco deberá situarse por baixo de nivel ALTO para considerarse de forma automática como aceptable (o risco residual máximo debe ser MEDIO). Valores de risco residual maiores a MEDIO deberán ser aceptados explicitamente polo Comité de Seguridade, logo da xustificación previa da conveniencia da súa aceptación.

Para os valores de risco residual que non sexan aceptables deberase elaborar o correspondente Plan de tratamento que permita levar os valores de risco a valores aceptables.

10. Datos de carácter persoal

A Deputación só recollerá datos de carácter persoal cando sexan adecuados, pertinentes e non excesivos e estes estean en relación co ámbito e as finalidades para os que se obtiveron. De igual modo, adoptará as medidas de índole técnica e organizativas necesarias para o cumprimento da normativa de protección de datos. Estas medidas estarán recollidas no Documento de Seguridade, que está baixo a custodia do Comité de Seguridade.

No devandito documento relaciónanse os ficheiros con datos persoais e os seus responsables, así como as persoas autorizadas para o seu acceso.

11. Desenvolvemento da política de seguridade

Esta política de seguridade desenvolverase mediante a elaboración doutras políticas ou normativas de seguridade que aborden aspectos específicos. Por mor das devanditas políticas e normativas poderanse desenvolver procedementos que describan a forma de levalas a cabo.

A documentación de políticas e normativas de seguridade, así como esta política de seguridade estará ao dispor de todo o persoal da organización que necesite coñecela e, en particular, o persoal que utilice, opere ou administre os sistemas de información e comunicacións ou a información mesma albergada nos devanditos sistemas ou os servizos prestados pola Deputación.

12. Revisión e a probación

A presente política de seguridade será revisada con carácter anual."

20.-APROBAR A DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLA CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA CONTRA O PLAN DE EMPREGO 2017-2019 APROBADO POLO ACORDO PLENARIO DO 31 DE MARZO DE 2017.

Visto o expediente 2017/17118, relativo ao recurso interposto pola Sección Sindical da CIG contra o acordo plenario do 31/03/2017 polo que se aproba o Plan de ordenación de recursos humanos 2017-2019 no que se acreditan os seguintes

I.- ANTECEDENTES

I.1.- O 31/03/2017 aprobouse polo Pleno da Corporación o Plan de ordenación de recursos humanos 2017-2019. O documento debateuse inicialmente na Mesa Xeral de Negociación que se celebrou o 08/02/2017 e na Comisión paritaria para a vixilancia, aplicación e interpretación do convenio colectivo vixente para o persoal laboral da Deputación da Coruña do 14/02/2017, Comisión na que o plan non obtivo a maioría da parte social, polo voto en contra dos representantes da CSIF e da CIG. A resultas diso a Corporación excluíu do ámbito de aplicación do plan ao persoal laboral, que modificado desta maneira foi obxecto novamente de debate na Mesa Xeral de Negociación do 14/03/2017.

I.2.- O 26/04/2017 a sección sindical da CIG presentou recurso de reposición en contra do acordo plenario do 31/03/2017 "Aprobación do Plan de ordenación de recursos humanos 2017-2019", no que, en síntese, alega discriminación do persoal laboral e insuficiencia da asignación económica incluída no informe económico.

II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

II.1. A mención legal de que os plans de ordenación de recursos humanos poida incluír tanto ao persoal funcionario como ao laboral debe entenderse no sentido de que tal inclusión é facultativa para a Administración, como o é a propia elaboración dos instrumentos de planificación. En todo caso, a exclusión do citado persoal e subseguinte modificación do plan de ordenación ten a súa causa no rexeitamento ao citado plan por parte dos representantes de CIG (e de CSIF) no seo da Comisión paritaria para a vixilancia, aplicación e interpretación do Convenio Colectivo. Neste sentido o recurso de reposición interposto pola CIG parece ir contra a postura mantida por esta central sindical na citada Comisión.

II.2. Respecto da alegación de que o informe económico non inclúe unha asignación económica suficiente para afrontar os procesos de consolidación, plan de rexuvenecemento e carreira horizontal, debe sinalarse:

- No que se refire ao proceso de consolidación, este debe supor incluso unha redución do gasto, pois os gastos sociais do persoal funcionario de carreira, a diferenza do persoal interino, non inclúen a cotización por desemprego, que ascende ao 5,5% da base de cotización por continxencias profesionais. Como os conceptos retributivos que teñen a súa orixe na antigüidade abóanse en contía idéntica para ambos os tipos de persoal tampouco por este motivo habería un

incremento do gasto, en todo caso podería darse o suposto contrario se o ocupante definitivo da praza non tivese servizos prestados a unha Administración pública.

- O plan de rexuvenecemento do persoal pasa, necesariamente, por un cambio no marco normativo que posibilite para o persoal funcionario as xubilacións parciais e que incentive as xubilacións anticipadas. Sempre que ese cambio non teña lugar non é posible levar á práctica as medidas citadas e ningún sentido ten dotar unha aplicación orzamentaria para iso. En todo caso, se a lexislación aplicable modifícase no sentido de posibilitar algunha destas medidas, podería consignarse a cantidade necesaria no exercicio correspondente.
- Canto á carreira horizontal, o cronograma non contempla para o exercicio 2017 ningunha medida para a súa execución, polo que tampouco é precisa a dotación orzamentaria dun gasto que non vai ter lugar durante o ano.

Visto o informe emitido polo Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos e de conformidade coa normativa legal

ACÓRDASE:

Desestimar o recurso de reposición interposto pola Sección Sindical da CIG contra o acordo plenario do 31/03/2017 polo que se aproba o plan de ordenación de recursos humanos 2017-2019.

A presente resolución é susceptible de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da recepción deste escrito, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, conforme ao disposto no artigo 46.1, en relación co 8.1, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición; sen prexuízo de que se poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso que se estime procedente.”

21.-APROBACIÓN DA ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPENTENCIAS EN MATERIA TRIBUTARIA DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO.

1.- Aceptar a delegación das competencias en materia tributaria acordada polo Concello de San Sadurniño na sesión plenaria celebrada o 16 de febreiro de 2017 en relación coa seguinte materia:
"Recadación en período executivo de tributos, prezos públicos e calquera outro ingreso de dereito público de carácter non periódico ou de periodicidade inferior ao ano, que non fosen delegados previamente".
2.- A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia, e o seu exercicio levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia, aprobadas para o efecto por esta Deputación provincial.

MOCIÓN DOS GRUPOS PROVINCIAIS PSdG-PSOE, BNG, MAREA ATLÁNTICA, COMPOSTELA ABERTA E ALTERNATIVA DOS VECIÑOS EN RELACIÓN COA SOLICITUDE DO COMITÉ DE EMPRESA DE FERROATLÁNTICA DE CEE-DUMBRÍA- CENTRAIS HIDROELÉCTRICAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 11 de maio a empresa Ferroglobe solicitou ante a Xunta de Galicia a segregación das actividades de aproveitamento hidráulico para a produción de enerxía eléctrica das centrais dos ríos Xallas e Grande das actividades de produción de ferroaliaxes.

O pleno da Deputación da Coruña quere amosar o seu rexeitamento a este intento de segregación e solicitar a non autorización desta por parte da Xunta de Galicia.

Así mesmo, quere salientar a terxiversación que fai a empresa da historia que vincula as dúas actividades, posicionándoa de maneira intencionada no ano 1992 cando a empresa Ferroatlántica, pertencente o grupo Villar Mir, intentou esta mesma operación (a segregación de actividades) que posteriormente litigou dando lugar a sentenzas de Tribunal Superior de Xustiza de Galiza e do Tribunal Supremo que ratificaban a vinculación das actividades, pois a concesión dos aproveitamentos hidráulicos sempre se vinculou á produción de ferroaliaxes.

Que a segregación das dúas actividades vinculadas a un proxecto industrial é, a pesar de todo o manifestado pola empresa Ferroglobe, para intentar conseguir o apoio sociopolítico ás súas pretensións mais que, na práctica, suporía a desaparición do tecido produtivo máis importante de carácter industrial vinculado ao noso territorio, coa consecuencia negativa sobre o emprego e o resto dos sectores, fundamentalmente ao sector servizos.

Por todo exposto, este Pleno:

1º Amosa o rexeitamento á segregación das actividades de aproveitamento hidráulico para a produción de enerxía eléctrica das centrais dos ríos Xallas e Grande das actividades de produción de ferroaliaxes e solicita a non autorización desta por parte da autoridade competente.

2º Dar traslado deste acordo ao presidente da Xunta de Galicia e ao conselleiro de Industria.